Sobre a información, as xestións e os prazos previstos polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias estruturais e de mantemento que presenta o Centro de Saúde da Pobra

- 20896 - 16885 (10/PRE-004971)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa coincidencia da oferta económica realizada pola única empresa presentada á licitación do contrato dos helicópteros para o Servizo de Gardacostas de Galicia co importe máximo fixado pola Consellería do Mar para ese fin, así como a xestión levada a cabo ao respecto e os datos referidos ao incremento do custo dese servizo a consecuencia da venda das aeronaves Pesca I e Pesca II no ano 2012

- 20874 - 17211 (10/PRE-005014)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en relación cos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia, a súa incidencia no custo dos servizos de busca e salvamento marítimo e as melloras derivadas do actual modelo de xestión privada, así como a súa opinión respecto da coincidencia da oferta económica realizada pola única empresa presentada á licitación do novo contrato co importe máximo fixado pola Consellería do Mar

- 20782 - 17238 (10/PRE-005019)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a estratexia desenvolvida pola Xunta de Galicia dende o ano 2012 para a recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa, e os seus resultados na actualidade, as medidas adoptadas ao inicio da campaña 2017-2018 e as previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos colectivos de mariscadores pola súa mortaldade ou falta de capturas, a extracción e comercialización do reló, así como o mantemento dos prezos e o alcance dunha renda digna

- 20974 - 18289 (10/PRE-005113)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que se van levar a cabo para a ampliación do bloque cirúrxico e a mellora da área da ambulancia anunciadas polo Goberno galego no Hospital de Valdeorras, e os datos ao respecto

- 20778 - 18725 (10/PRE-005146)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non optar por un servizo de prevención e defensa contra incendios forestais único, profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para todo tipo de emerxencias, nomeadamente as rurais

- 20272 - 18968 (10/PRE-005157)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de asumir e entender como aceptables para unha óptima calidade asistencial os problemas existentes na atención primaria, as súas previsións referidas ao incremento do investimento específico nela a través do Sergas, a necesidade de máis profesionais, así como o número de centros de saúde iniciados dos previstos nos orzamentos de 2016 e 2017 e os precisos a curto prazo

- 20873 - 19030 (10/PRE-005165)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para evitar a contaminación do mar a consecuencia da vaga de incendios rexistrada a mediados de outubro de 2017 no litoral galego, así como as súas previsións respecto da activación do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia

- 20777 - 19071 (10/PRE-005170)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións específicas levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia, así como as xestións realizadas ante o Goberno central en relación co posible impacto no sector turístico galego da vaga de lumes rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017

- 20872 - 19199 (10/PRE-005179)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para a fixación dos terreos afectados polos incendios forestais e evitar a súa chegada ás rías, as que vai levar a cabo no caso de arrastres de materias que poidan afectar as zonas de produción marisqueira e a relación de espazos de actuación prioritaria prevista para evitar esas afeccións

- 20871 - 19203 (10/PRE-005180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o coñecemento e a opinión do Goberno galego en relación coas intencións da conserveira Calvo de pechar as súas instalacións en Esteiro e de trasladar a Carballo a súa produción, así como as actuacións levadas a cabo ou previstas para evitalo

- 20895 - 19281 (10/PRE-005189)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 5 máis
Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar os posibles efectos dos incendios forestais na produción marisqueira das rías galegas, a avaliación que fai en relación cos problemas que poden causar nela e as súas previsións referidas á avaliación de xeito especial das posibles consecuencias na ría de Vigo da chegada de restos procedentes dos lumes, así como o mantemento dalgún contacto co sector marisqueiro ao respecto

- 20776 - 19408 (10/PRE-005202)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as razóns existentes para non publicar dende o ano 2012 a memoria de actividades da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga), o procedemento seguido para a cobertura das funcións e responsabilidades do posto vacante de director xerente e a valoración do Goberno galego en relación coa eficacia desa fundación, así como a súa opinión referida á suficiencia da súa dotación de persoal actual e as previsións ao respecto para o ano 2018

- 20775 - 19432 (10/PRE-005208)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da información aos concellos afectados pola couza guatemalteca da pataca en relación co número de trampas colocadas e de capturas rexistradas na loita contra a praga, así como os datos ao respecto

- 20774 - 19529 (10/PRE-005219)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida aos beneficios da lactación materna, as actuacións que está a levar a cabo para impulsala e o seu coñecemento das condicións que presentan as instalacións da área de lactación do Hospital Provincial de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da consignación, para o ano 2018, dunha partida orzamentaria específica para a reforma dese hospital

- 20870 - 19640 (10/PRE-005229)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver o problema das frotas do cerco e do xeito ante a escaseza de sardiña

- 20973 - 19649 (10/PRE-005230)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as razóns das continuas demoras na apertura do Centro de Saúde do Couto, en Ourense, as do atraso no inicio das obras de urbanización do seu contorno e os prazos previstos para o remate e posta en funcionamento do centro, así como a dotación nel dunha zona de acceso e de prazas de aparcamento para as persoas con discapacidade

- 20894 - 19654 (10/PRE-005231)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da declaración da Festa do Polbo do Carballiño de Interese Turístico Internacional, así como as actuacións levadas a cabo e as previstas para ese fin

- 20893 - 19699 (10/PRE-005233)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar o impacto dos incendios forestais no sector turístico, a convocatoria dos representantes do sector e organizacións profesionais para avaliar a incidencia da vaga de lumes, así como as súas intencións respecto do desenvolvemento dalgún tipo de campaña informativo-publicitaria nos lugares de orixe dos turistas do resto de España para paliar os seus efectos

- 20892 - 20079 (10/PRE-005263)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas estimacións do Consello Internacional para a Explotación do Mar, ICES, referidas á necesidade de paralizar totalmente a captura da sardiña durante o ano 2018 nas augas do Atlántico e do Cantábrico como única medida posible para rexenerar a especie e as consecuencias que tería para a frota galega

- 20992 - 20174 (10/PRE-005271)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para garantir a ausencia de antibióticos na carne galega

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 10:15
Nº Rexistro: 20679
Data envio: 24/11/2017 10:15:33.313

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

Trazo é un concello limítrofe con Santiago de Compostela, ten 3.190 habitantes (IGE 2016), e conta con dous centros de saúde atendidos por un/a facultativo/a en cada un dos centros, Agro do Mestre e Viaño Pequeno, que están separados por 5,5 km., está a sufrir os efectos dunha fenda que cada vez se fai máis grande entre o rural e o urbano en canto a prestación de servizos. Servizos que ata non hai moito tempo viñan funcionado con regularidade. Nestes recortes ou minoración de servizos non se ten en conta os contratempos que ocasionan á súa cidadanía que cada día se sente máis estrangulada e indefensa ante situacións coma estas.

No centro de saúde de Agro do Mestre prestaba atención sanitaria un médico que se pre-xubilou, polo que a praza estivo cuberta en interinidade ata o pasado mes, no que a facultativa que ten a dita praza se incorporou a ela con redución de xornada, pasando consulta de 8.00 a 10.40h, é dicir, dúas horas e corenta minutos para atención sanitaria.

Isto implica que os/as pacientes deste centro de saúde, sobre 1.500, teñan que esperar catro ou cinco días laborais para unha cita co seu médico de cabeceira.

A única solución proposta foi a derivación ao outro centro de saúde do concello no que o médico pode atender a un número moi limitado de pacientes do Agro do Mestre.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 10:15
Nº Rexistro: 20679
Data envío: 24/11/2017 10:15:33.313

Grupo Parlamentario

Na “lexislatura do rural”, cando vai solucionar a Xunta de Galicia esta carencia tan importante para a poboación do concello de Trazo?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/11/2017 10:12:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/11/2017 10:12:43

Julio Torrado Quintela na data 24/11/2017 10:12:51

Noela Blanco Rodríguez na data 24/11/2017 10:12:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:43
Nº Rexistro: 20704
Data envio: 24/11/2017 13:43:53.782

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

1. Que estudos de carácter técnico ten desenvolvido a Xunta de Galicia para garantir o subministro de auga aos núcleos urbanos de Galicia?
2. Que medidas específicas pensa adoptar a Xunta de Galicia ante a situación de alerta pola seca que está a padecer Vigo e a súa área urbana?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/11/2017 13:41:36

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/11/2017 13:41:42

Raúl Fernández Fernández na data 24/11/2017 13:41:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:43
Nº Rexistro: 20704
Data envio: 24/11/2017 13:43:53.782

Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 24/11/2017 13:41:53

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:58
Nº Rexistro: 20713
Data envío: 24/11/2017 13:58:25.360

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Pierres López, María Dolores Toja Suárez, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para** a súa resposta **por esrito**.

A asociación Fademur vén de publicar unha enquisa sobre a percepción da sociedade galega sobre a realidade das mulleres rurais galegas, especialmente sobre a incidencia da violencia de xénero no ámbito rural.

Son moitos os datos reveladores na mesma. Pero hai un que se pode entender como preocupante, especialmente polo que implica na planificación das campañas, medidas e accións de prevención contra a violencia de xénero.

Ao seren consultadas, un 45 % das persoas responden erroneamente cando se lles pregunta que é a violencia de xénero. Só o 55 % ten claro o concepto de "violencia de xénero", considerándoa como "aquela violencia física, sexual o psicolóxica cara homes e mulleres exercida polas súas parellas ou ex parellas".

Esta falta de comprensión do concepto, significa que algo se está facendo mal nas campañas ou programas de información sobre a violencia, especialmente cando non se entende que os homes son tamén vítimas da violencia, e que isto non é só un problema de mulleres.

Así mesmo un 61,81 % das mulleres do rural din que no seu entorno non hai informacións para abordar o tratamento da violencia de xénero.

Seis de cada dez mulleres din non coñecer ningún tipo de campaña sobre violencia de xénero.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:58
Nº Rexistro: 20713
Data envio: 24/11/2017 13:58:25.360

Respecto á pregunta sobre os actos que consideran como violencia de xénero, chama a atención como a prostitución non está considerada como tal por un 40 %.

Tendo en conta estes datos e moitos outros que se reflicten na enquisa, e que amosan porcentaxes significativas de xente que segue a ter conceptos errados sobre o que é e non violencia de xénero, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten cuantificado o Goberno o índice de coñecemento por parte da cidadanía galega das campañas de concienciación sobre a Violencia de Xénero que se teñen presentado nos últimos tres anos? Cales son os métodos empregados para medir o éxito ou fracaso da incidencia dunha campaña de información ou sensibilizacion social?

2. Considera que é preciso orientar as campañas en cada momento a apuntalar aqueles conceptos básicos sobre a violencia que se detecten socialmente mal entendidos?

3. Considera que os datos que arroxa a enquisa de Fademur e que fai referencia ao maior descoñecemento das campañas sobre a violencia por parte das mulleres rurais, corresponden coa realidade?

4. Comparte a idea de que a difusión das campañas en todo caso teñen que acadar maior difusión da actual nos núcleos habitacionais máis pequenos como son as aldeas?

5. Existe actualmente algún tipo de formación específica sobre violencia de xénero entre o profesorado e alumnado centrada en traballar para erradicar a notable tolerancia entre certas formas de violencia de xénero?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:58
Nº Rexistro: 20713
Data envio: 24/11/2017 13:58:25.360

6. Entende o Goberno galego que é preciso incrementar as campañas de sensibilización e concienciación específicas que teñan en conta as peculiaridades do rural involucrando ós servizos sociais mais próximos ás mulleres así como a todos os movementos asociativos presentes no rural?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 24/11/2017 13:55:44

María Dolores Toja Suárez na data 24/11/2017 13:55:50

José Antonio Quiroga Díaz na data 24/11/2017 13:55:59

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/11/2017 13:56:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/11/2017 13:56:11

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/11/2017 13:56:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/11/2017 13:56:20

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20714
Data envío: 24/11/2017 14:08:53.016

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A temporalidade afecta ao 40% dos traballadores/as do SPDCIF e non se convoca ningunha Oferta de Emprego Público (OPE) desde o ano 2003, malia as organizacións sindicais e a Xunta de Galiza ter asinado un acordo, en setembro do pasado ano, polo que a administración se comprometía a destinar o 20% das prazas de emprego público.

Xunto a isto, chama a atención sobre o feito de que do total do persoal, que conforma o SPDCIF, só 800 traballadores/as teñen contrato os doce meses do ano (e moitos deles tamén son interinos); 600 traballan 9 meses e un total de 436, só durante 3 meses, polo que non teñen dereito sequera a unha prestación por desemprego. Unha situación que provoca unha enorme inseguridade laboral e desprotección.

Os lumes prenden nas épocas de máis calor, pero apáganse durante todo o ano, invertendo en políticas de prevención, de ordenación do territorio, de coidado dos nosos montes e da nosa terra.

O día 30 de novembro, 626 bombeiros forestais serán botados para a casa, aos que temos que sumarlle 436 que xa o fixeron fai uns días. Todo isto acontece namentres a día de hoxe, 24 de novembro, van ardidas máis de 120 hc no Concello de O Bolo chegando a poboacións, e 20 no norte de Lugo, concretamente no Concello de Ribadeo.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20714
Data envío: 24/11/2017 14:08:53.016

GRUPO PARLAMENTAR en marea

É que non aprendemos nada do acontecido na fin de semana negra de outubro?

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª) Cando pensa a Xunta de Galicia facer a prevención si mil bombeiros forestais serán despedidos o 30 de novembro?

2.ª) Como pensa a Xunta de Galicia facer fronte aos lumes que poidan vir a partir de decembro se continúa a época de seca que estamos a padecer?

Santiago de Compostela, a 24 de novembro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 24/11/2017 14:07:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20714
Data envío: 24/11/2017 14:08:53.016

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 24/11/2017 14:07:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20719
Data envio: 24/11/2017 14:25:10.126

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre as denuncias do cadro de persoal do Hospital comarcal de Monforte en relación ao estado da infraestrutura e a falta de persoal de enfermaría.

Persoal de enfermaría do Hospital comarcal de Monforte denunciou estar "desbordado" polas condicións de traballo nas que se atopan debido, sobre todo, á falta de persoal e material.

Sinalan que nas plantas de Medicina Interna (Medicina Interna e Neumoloxía) e de Especialidades (Neuroloxía, Cardioloxía, Medicina Interna, Endocrinoloxía, Hermatoloxía e Unidade de Dor) o mobiliario atópase obsoleto e mesmo non contan con cuartos de baño adaptados ás necesidades das e dos doentes.

O persoal de enfermaría asegura que pola falta de medios teñen que priorizar unhas tarefas sobre outras e que iso está a minorizar a calidade do servizo prestado até o punto de reverter directamente na saúde das persoas ingresadas no hospital.

A denuncia desta situación por parte do cadro de persoal do Hospital comarcal de Monforte non é nova, como tampouco que a voz das traballadoras e traballadores sexa trasladada a esta Cámara. Unha situación que, temen, empeore de se aprobar a reforma da Lei de Saúde de Galiza proposta polo Goberno da Xunta.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20719
Data envio: 24/11/2017 14:25:10.126

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Como valora o Goberno galego a situación na que se atopa o Hospital comarcal de Monforte?

- Coida a Xunta de Galiza que os medios cos que conta o hospital son suficientes para atender de maneira acaída as persoas usuarias?

- Cre o Goberno galego que o estado das infraestruturas no hospital de Monforte serve para atender de maneira acaída as persoas usuarias?

- Pensa adoptar a Consellaría de Sanidade algunha medida para atender as demandas do cadro de persoal do Hospital de Monforte?

- Prevé na Oferta Pública de Emprego para 2018 ampliar os recursos humanos dos que dispón este centro hospitalario?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20719
Data envio: 24/11/2017 14:25:10.126

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/11/2017 14:21:40

María Montserrat Prado Cores na data 24/11/2017 14:21:45

Ana Pontón Mondelo na data 24/11/2017 14:21:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/11/2017 14:21:48

Noa Presas Bergantiños na data 24/11/2017 14:21:49

Xosé Luis Bará Torres na data 24/11/2017 14:21:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:39
Nº Rexistro: 20736
Data envio: 27/11/2017 11:39:14.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á posíbel instalación dunha Planta de Almacenaxe e pretratamento de Aceites industriais e Hidrocarburos no Peirao de Oza da Coruña.

Con data de 23 de outubro de 2017 publícase no DOG (núm. 201) anuncio de 29 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental da Planta de recepción e pretratamiento de residuos xerados por buques, no Concello da Coruña, promovido por Limpeza Marítima de Óleos, S.L.U. Limpoil (clave do proxecto 2015/0167).

Tal e como se reflicte na propia resolución, así como no estudo de impacto simplificado obxecto da mesma, a planta terá unha capacidade máxima de xestión de refugallos de 4.000 toneladas ao año, cunha capacidade máxima de tratamento de 26.280 m^3/ano, dos que se espera extraer mil toneladas ao ano de augas residuais, e estará composta por: dous tanques de 65.000 litros para a almacenaxe, nun deles para almacenaxe "de residuos MARPOL con mestura non emulsionada sometidos a pretratamento", e o outro para a almacenaxe de "residuos MARPOL formados con mestura emulsionada"; un tanque de capacidade de 28.000 litros para almacenaxe de aceite; e un cuarto tanque de 30.000 litros para funcións auxiliares.

A autorización da instalación desta planta de almacenaxe e pretratamento de aceites industriais e hidrocarburos no Peirao de Oza da Coruña asemella outra das

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:39
Nº Rexistro: 20736
Data envio: 27/11/2017 11:39:14.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuación sen sentido ás que nos ten afeita a Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación Territorial, amosando, asemade, o seu total desprezo para co medio ambiente nunha contorna constantemente agredido como é a bocana da Ría do Burgo.

A instalación prevese nunha localización a menos de 500 metros de bancos de produción marisqueira, ao carón de sendas praias (Oza, Santa Cristina e Bastiagueiro), ao carón dun complexo náutico deportivo, dentro do conxunto urbano do barrio de Oza, asiduamente atacado por ser a zona dos peiraos da Coruña onde se teñen desenvolto actividades altamente contaminantes, causantes dunha contrastada polución medioambiental, como descargas de carbón e outros materiais, e por existir desaugues ou canalizacións que teñen producido filtracións e verteduras de hidrocarburos.

Por outra banda, o Concello da Coruña, no informe técnico do Departamento de Xestión Enerxética e Residuos Urbanos, recollendo as indicacións da Ordenanza Municipal de Vertidos e do Servizo Municipal de Saneamento, emitido a solicitude da propia Consellaría, considerou que este proxecto "pode causar impactos ambientais significativos e que se trata (precisamente) dunha zona de sensibilidade especial", polo que establecía medidas adicionais a considerar antes da aprobación do proxecto, tales como que "debería ser obxecto dunha avaliación ambiental ordinaria (e non simplificada).

E aínda que, como se recolle na exposición de motivos da resolución, o proxecto final incorpora modificacións, o feito real é que a resolución fundaméntase en base un estudo de impacto ambiental simplificado, sen atender, minimamente, á necesidade de observar polo miúdo a implicación integral e real na contorna da zona de acordo as especificacións e consideracións que un estudo ordinario si que garantiría.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:39
Nº Rexistro: 20736
Data envio: 27/11/2017 11:39:14.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Podería xustificar a Xunta de Galiza a proposta de construción desta Planta de almacenaxe e pretratamento de Aceites industriais e Hidrocarburos?

-A Xunta de Galiza non cre que a zona onde se ten previsto construír esta Planta é totalmente inapropiada e pode supoñer un impacto medioambiental irreversíbel para unha zona xa degradada e á espera dunha rexeneración demandada desde hai anos?

-A Xunta de Galiza cre que esta é maneira de apostar pola rexeneración da Ría do Burgo?

-Podería explicar a Xunta de Galiza por que se ten realizado este Estudo de Impacto Ambiental Simplificado para un proxecto destas características?

-Ante a oposición veciñal xa amosada, tanto por entidades e asociacións así como particulares e outras administracións, a Xunta de Galiza pretende seguir adiante coa execución do Proxecto?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:39
Nº Rexistro: 20736
Data envio: 27/11/2017 11:39:14.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 11:34:32

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 11:34:38

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 11:34:43

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 11:34:45

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 11:34:46

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 11:34:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 12:37
Nº Rexistro: 20745
Data envío: 27/11/2017 12:37:13.143

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

No DOG do luns 29 de maio de 2017, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou a Orde *do 5 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e ás agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*

As subvencións reguladas nesta orde contan cunha dotación orzamentaria de 500.000 € e un prazo máximo de notificación aos interesados de cinco meses a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

O artigo 2.*3. da orde di que: "A dotación das axudas será destinada a Realización de investimentos de equipamento escénico, iluminación e son, equipamento audiovisual, xeral de sala, sistemas de prevención e seguridade, novas tecnoloxías, investimentos destinados á posta en funcionamento de locais para usos culturais, investimentos en bibliotecas públicas municipais, así como accións encamiñadas á mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.*

2.4. A axuda máxima por beneficiario que concederá a Consellería será de 30.000 euros, que en ningún caso poderá exceder o 90 % do orzamento total do proxecto subvencionable. Este importe de 30.000 € ascenderá a 35.000 € cando se trate de solicitudes conxuntas, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar)"

E no artigo 7. Instrución do procedemento e selección de solicitudes, establécese que:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 12:37
Nº Rexistro: 20745
Data envío: 27/11/2017 12:37:13.143

"A comisión valorará os expedientes, consonte os seguintes criterios prioritarios:

a) As solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar) poderán obter unha puntuación de 30 puntos (dun total de 100), baixo as dúas seguintes modalidades:

a.1. Agrupacións de concellos baixo calquera fórmula (agás a de fusión municipal), tendo en conta os seguintes aspectos:

a) Pola simple presentación da solicitude conxunta nos termos e cos requisitos que se determinen nas bases ou nas convocatorias: 10 puntos.

b) Polo número de concellos asociados, número de servizos que se van prestar de forma compartida, repercusión do proxecto segundo a cifra de poboación total dos concellos participantes: 10 puntos en total desagregados do seguinte xeito:

- Número de concellos asociados: 4 puntos.
- Número de servizos que se van prestar de forma compartida: 3 puntos.
- Repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación total dos concellos participantes: 3 puntos

Á vista desta situación as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos solicitaron a subvención indicada?

2ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos recibiron subvención con cargo a esta orde?

3ª) Que contías recibiu cada un dos concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos da dita subvención?

4ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos foron excluídos ou lles foi denegada a subvención, e que causas motivaron a dita exclusión ou denegación da subvención?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 12:37
Nº Rexistro: 20745
Data envío: 27/11/2017 12:37:13.143

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

5ª) Considera o Goberno galego que os veciños e as veciñas dun concello non agrupado, a efectos desta subvención, ou fusionado teñen máis dereitos que aqueles que viven en concellos que non compren este requisito?

6ª) Considera o Goberno galego que a convocatoria no mes de maio e a resolución no prazo máximo de 5 meses, é dicir, o 28 de outubro, é axeitado para que os concellos poidan facer unha programación axeitada para o desenvolvemento das obras no exercicio?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2017 12:34:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/11/2017 12:34:21

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/11/2017 12:34:28

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 12:52
Nº Rexistro: 20747
Data envío: 27/11/2017 12:52:48.393

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte e en todo tipo de terreos. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte e terras agropecuarias supón un elemento de gran perigo, é un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e o mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, concellos, deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da Administración e dos distintos colectivos.

A extensión e proliferación dos lumes que afectaron a boa parte da xeografía galega, nomeadamente nas provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo, tiveron un impacto desastroso a todos os niveis, destacando, en primeiro lugar, o nivel familiar e comunitario (ca perda de vidas humanas na catástrofe); o nivel medio ambiental (afectando a espazos naturais, bosques, fauna, etc) e o socioeconómico (con especial impacto no rural, afectando a moitos postos de traballo, vivendas, infraestruturas, etc).

Un dos efectos prexudiciais das consecuencias dos incendios é a erosión do chan que se ve multiplicada en función da pendente do terreo e da intensidade da choiva.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 12:52
Nº Rexistro: 20747
Data envio: 27/11/2017 12:52:48.393

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Dado que a creación dun chan suficiente para permitir o desenvolvemento normal da cuberta vexetal é un longo proceso de séculos e milenios, hai que entender a importancia de frear os procesos erosivos.

Unha das accións preventivas para evitar a erosión é a de proveer capas de vexetación que freen o impacto de fortes e continuas choivas, por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que medidas adoptou ou esta a adoptar a Xunta de Galicia para evitar a erosión dos solos nas zonas queimadas?

2ª) Que materiais se utilizaron na prevención do efecto erosivo?

3ª) Cal foi a procedencia dos materiais utilizados para evitar a erosión?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 27/11/2017 12:46:36

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/11/2017 12:46:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/11/2017 12:46:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:37
Nº Rexistro: 20768
Data envío: 27/11/2017 13:37:13.159

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á creación dun punto de atención continuada (PAC) para a atención sanitaria aos concellos de Barbadas, San Cibrao das Viñas e Toén.

A sanidade é unha peza fundamental para o benestar das e dos galegos e a súa ordenación debe ter en conta a distribución da poboación así como a garantía da mellor atención posíbel. Polo tanto, desde as administracións e institucións debemos avaliar que modificacións ou cambios son oportunos para a súa mellora.

Dunha banda, os concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén forman parte, xunto aos concellos de Ourense, Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín, dos concellos que son atendidos polo Punto de Atención Continuada (PAC) de Ourense. Neste sentido, entre todos eles suman unha poboación censada no ano 2016 de 132.339 habitantes residindo nun territorio total que acada os 355,21 km². Por outra banda, os concellos de Barbadás, San Cibrao e Toén sumaban no ano 2016 unha poboación censada de 18.146 habitantes nun territorio de 128.01 km^2, este territorio vén a supoñer o 36.03% do territorio total e a súa poboación un13.7%.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:37
Nº Rexistro: 20768
Data envio: 27/11/2017 13:37:13.159

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que malia non acadaren estes concellos os 25.000 habitantes, cómpre ter en conta unha serie de circunstancias que deben levar á administración galega a dotalos dun Punto de Atención Continuada específico. Dunha banda, varios puntos dos concellos indicados, os máis afastados, rozan ou superan o limite da isócrona de 30 minutos. Doutra banda, é preciso valorar conxuntamente as demandas da poboación deses concellos, xa que os datos das capas poboacionais dos concellos mais poboados (Barbadás e San Cibrao das Viñas) demostran un grande dinamismo social. Por exemplo, podemos constatar o predominio de zonas medias e polo tanto de persoas activas e en idade fértil. Neste sentido, malia a crise demográfica que incide de forma importante nas comarcas da circunscrición de Ourense, é factíbel prognosticar nos vindeiros anos un mantemento do incremento da poboación, tamén pola absorción doutras localidades de comarcas próximas.

Neste sentido, o incremento poboacional previsíbel para ambos os dous concellos citados leva a pensar a necesidade de atender tamén o incremento da demanda nunha poboación con patoloxías crónico dexenerativas, tanto pola suma de poboación doutros concellos como polo progresivo avellentamento das amplas franxas medias. Dunha banda, este tipo de patoloxías crónico dexenerativas son unhas grandes consumidoras de recursos en tempo de profesionais. Doutra banda, a situación de predominio de estratos medios na pirámide de poboación tamén indica a alta posibilidade de incremento da poboación pediátrica que tamén é consumidora de tempo dos profesionais sanitarios.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:37
Nº Rexistro: 20768
Data envío: 27/11/2017 13:37:13.159

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A estas consideracións cómpre engadir que o concello de Toén presenta unha pirámide poboacional basicamente invertida coa importancia que iso ten en sanidade para determinar e prever o consumo de recursos, e a máis que probábel dificultade para o acceso ao sistema sanitario de urxencias da capa de poboación mais envellecida, e por tanto a incapacidade para garantir a equidade no acceso.

Por todas estas cuestións, co fin de garantir o acceso en igualdade de condicións ao sistema sanitario público de urxencias da poboación de maior idade destes concellos, de estar en situación de dar cobertura aos retos que implican as pirámides poboacionais descritas, satisfacer as demandas da cidadanía, e de incentivar a fixación de poboación nova e en idade de se reproducir, así como a necesidade de estar tamén preparados para o futuro que a demografía nos presenta, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera importante reorganizar o mapa sanitario conforme se describiu

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Ten avaliado ou vai avaliar o goberno galego a necesidade de desenvolver un Punto de Atención Continuada que dea cobertura específica aos concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén?

-Considera o goberno galego que está garantido o espazo temporal de 30 minutos para achegárense as e os usuarios da sanidade pública destes concellos até o PAC de Ourense?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:37
Nº Rexistro: 20768
Data envío: 27/11/2017 13:37:13.159

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego que a configuración do mapa sanitario desta zona incentiva a fixación de poboación en condicións de se reproducir?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza a capacidade das e dos maiores, con potenciais dificultades de acceso e mobilidade, para achegárense á cidade?

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para atender ás novas necesidades xeradas no concello de Barbadás e arredores diante do aumento da poboación?

-Ten avaliado o goberno galego a evolución por tipo de doenzas destas localidades para mellorar a súa atención? Con que conclusións?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:37
Nº Rexistro: 20768
Data envio: 27/11/2017 13:37:13.159

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 13:34:26

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 13:34:32

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 13:34:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 13:34:35

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 13:34:37

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 13:34:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20785
Data envío: 27/11/2017 16:10:55.518

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia inclúe unha disposición final sobre o desenvolvemento normativo da mesma:

"Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo
A Xunta de Galicia, nun prazo máximo de seis meses desde a publicación desta lei, elaborará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación."

Dita lei foi publicada no DOG o 31 de decembro de 2013, entrando en vigor ao día seguinte, 1 de xaneiro de 2014. Deste xeito, a lei debería contar cun decreto regulador en xullo do ano 2014.

Ademais, a Lei 10/2013 contén unha disposición final sobre os tramos de inserción e transición ao emprego, regulados polos artigo 9 e 10 da lei. Dita disposición di: "Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. No caso concreto dos tramos de inserción e de transición ao emprego, entrarán en vigor cando se publique o decreto no que se regulen estes tramos."

Os tramos de inserción e transición ao emprego regularán a concesión de axudas a persoas perceptoras da RISGA que se atopen nun itinerario de inserción no mercado laboral.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20785
Data envío: 27/11/2017 16:10:55.518

O funcionamento da RISGA en Galiza está sometido a arbitrariedade, na medida en que depende de criterios opacos e interpretacións distintas por parte de cada xefatura territorial da Consellería de Política Social. Ademais, no caso da Coruña, a Unidade de Tramitación Administrativa da RISGA foi desmantelada, prescindindo a Xunta das traballadoras sociais que se dedicaban á tramitación desta renda, pasando a mesma a tratarse coma un trámite administrativo, o que orixina numerosos recursos por parte dos Servizos Sociais Comunitarios ante denegacións de RISGA.

Contar cun Decreto regulador do desenvolvemento da Lei 10/2013, ademais de ser unha obriga legal, melloraría a xestión da RISGA, favorecería a inserción laboral e melloraría a situación de arbitrariedade nas tramitacións.

O informe da EAPN de 2014 ("Por unha RISGA efectiva: dos papeis ás persoas"), realizado a partir dunha consulta a profesionais e a persoas perceptoras desta renda, alertaba de que a "ausencia dun Regulamento de desenvolvemento da Lei de Inclusión, o insuficiente orzamento, a falta de adaptación ás necesidades actuais, os atrasos e o endurecemento dos requisitos de acceso, entre outros factores, poñen en perigo a viabilidade da RISGA como instrumento eficaz contra a exclusión social."

Tras numerosas peticións á Xunta para que se desenvolvera regulamentariamente a Lei 10/2013, tanto de entidades e colectivos sociais como dos grupos parlamentares da oposición na Cámara galega, non foi ata o ano 2017 cando, ante unha iniciativa de En Marea, a Consellería de Política Social anunciou que o Decreto regulador da Lei de inclusión social galega estaría publicado antes de final deste ano 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20785
Data envío: 27/11/2017 16:10:55.518

O Decreto foi exposto no Portal de Transparencia da Xunta de Galiza entre o 1 de outubro e o 17 de outubro de 2017.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1)Que valoración fai a Xunta da demora en máis de tres anos no desenvolvemento normativo da Lei 10/2013?

2) Cal é o tempo medio de agarda na tramitación da RISGA en 2017, cos últimos datos?

3) Cal é o número total de rendas concedidas en 2017? Cales son as previsións para 2018?

4) Considera a Xunta suficiente a partida dedicada á RISGA nos Orzamentos de 2018, tendo en conta a inminente posta en marcha dos tramos de inserción e transición ao emprego?

5) Por que non se publicou o Decreto antes do inicio da tramitación dos Orzamentos da Xunta para 2018?

6) Estableceu a Xunta un proceso de consultas con entidades e colectivos sociais para a redacción do Decreto? De ser así, con cales e de que xeito?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20785
Data envío: 27/11/2017 16:10:55.518

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/11/2017 14:33:53

Luis Villares Naveira na data 27/11/2017 14:33:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:05
Nº Rexistro: 20801
Data envío: 27/11/2017 17:05:08.483

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

A planificación da oferta educativa das ensinanzas postobrigatorias debe atender a varios obxectivos, entre eles, potenciar as oportunidades de formación do alumnado e contribuír ao desenvolvemento social e económico da sociedade.

Non é menos certo que esa planificación se debe realizar con criterios obxectivos, tras a análise oportuna, pero tamén considerando sempre que a formación das persoas sempre trae consigo melloras, tanto persoais como sociais.

Aínda que este grupo parlamentario ten tentado en varias ocasións que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableza criterios obxectivos, froito do consenso parlamentario, para deseñar unha rede de centros para o futuro do noso país, sempre obtivemos a mesma resposta: non.

Por ese motivo, consideramos moi procedente presentar iniciativas neste caso relacionadas coa oferta educativa do IES de Melide.

Este centro educativo conta coas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos de grao básico e medio de carpintaría e moble.

Considera este grupo parlamentario que sería necesario incrementar a oferta educativa incluíndo o ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes, regulado no Decreto 27/2010, polas seguintes razóns:

1. A comarca Terra de Melide presenta, dende o punto de vista da natalidade, unha situación estable, como se pode comprobar empregando os datos do Instituto Galego de Estatística sobre nacementos, que son os seguintes:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Ano	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Nacementos	70	80	93	78	86	76	65	79	86	76	62	71	66	71	69	70	79

2. O informe sobre a Ocupación laboral do alumnado de Formación Profesional que rematou a Formación en Centros de Traballo no ano 2015 (último dispoñible), apunta varias conclusións moi interesantes sobre o alumnado desta familia profesional de informática e comunicacións:

    a) A cantidade de alumnos/as que traballan na mesma empresa na que realizaron as prácticas é unha das máis altas (40,4 %).

    b) Dos alumnos ocupados actualmente, o 78 % traballan en postos que consideran relacionados co seu ciclo; unha das porcentaxes máis altas de entre as distintas ramas profesionais.

3. A oferta deste ciclo formativo máis próxima dentro da provincia da Coruña atópase no IES de Curtis (a 30 km aproximadamente).

4. Os espazos necesarios para implantar este ciclo formativo, establecidos no mencionado Decreto 27/2010 son os seguintes, para 30 alumnos:

    a) Aula polivalente de 60 m^2
    b) Aula técnica de 60 m^2
    c) Taller de instalación e reparación de equipamentos informáticos de 120 m^2 que entendemos que se poden habilitar no centro, máxime tendo en conta as correspondentes porcentaxes de utilización destes espazos que permiten o seu uso compartido con outras ensinanzas, cando menos da aula polivalente.

5. A posibilidade de completar a oferta no futuro, tanto con formación profesional de grao básico como superior.

Sobre a base das anteriores consideracións o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguintes pregunta:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:05
Nº Rexistro: 20801
Data envío: 27/11/2017 17:05:08.483

Grupo Parlamentario

Considera o Goberno galego oportuno incluír a oferta do ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes IES de Melide a partir do curso 2018/2019?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/11/2017 17:02:54

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/11/2017 17:03:07

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2017 17:03:19

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:56
Nº Rexistro: 20817
Data envío: 27/11/2017 17:56:28.123

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita.**

O DOGA do 10 de febreiro de 2014, mediante resolución do 15 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, declarou a presenza do organismo de corentena Epitrix spp (pulguiña da pataca), e estableceu as zonas demarcadas e as medidas fitosanitarias para o seu control.

O DOGA do 11 de marzo de 2016, mediante resolución amplía as zonas demarcadas por presenza da praga "pulguiña da pataca", zonas que se ampliaron como zonas demarcadas pola existencia da praga mediante resolución publicada no DOGA o 22 de novembro de 2017 dentro do territorio da comunidade, acadando

1.- Todo o territorio incluído nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra,

2.- Todo o territorio dos seguintes concellos na provincia de Ourense: Amoeiro, Arnoia, Avión, Barbadás, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Coles, Cortegada, Esgos, O Irixo, Leiro, Maside, Melón, A Merca, Nogueira de Ramuín, Ourense, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Piñor, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Taboadela, Toén e Vilamarín, e as áreas incluída nun raio de 500 metros arredor de diferentes parcelas localizadas na provincia de Ourense.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:56
Nº Rexistro: 20817
Data envio: 27/11/2017 17:56:28.123

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Con esta expansión o territorio queda practicamente colonizado pola pulguiña da pataca. As medidas establecidas na Resolución do 15 de xaneiro do 2014 non foron suficientes ou ben non se executaron de xeito que impedisen a expansión de dito organismo de corentena.

Por todo o exposto este Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Que medidas ten levado a cabo a Xunta de Galicia para a erradicación de dita praga?

2.- Que medidas ten adoptado a Xunta de Galicia para que as persoas consumidoras e tamén as produtoras non reciban un impacto económico severo?

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 27/11/2017 14:44:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:56
Nº Rexistro: 20817
Data envío: 27/11/2017 17:56:28.123

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 27/11/2017 14:44:40

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:02
Nº Rexistro: 20823
Data envío: 27/11/2017 18:02:03.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Durante os últimos anos as consecuencias dramáticas de diferentes calotes bancarios derivaron en que a partir da mobilización dos colectivos sociais, sindicais e políticos as administracións e diferentes autoridades pularan por cambios normativos. Diante da mala praxe na colocación de produtos ás persoas consumidoras, tamén as autoridades europeas, en concreto a autoridade de mercados europea, a ESMA, puxo en marcha a Directiva 2014/65/UE coñecida coma MIFID II e os diversos regulamentos derivados, que debían ser adaptados á lexislación de cada estado. En concreto, no Estado Español, correspondería á CNMV esta transposición.

En repetidas ocasións, este Grupo Parlamentar ten denunciado que a falta de control sobre a banca na venda de produtos financeiros pode provocar novas estafas colectivas e que polo tanto era preciso exercer cunha maior ambición e recursos as competencias exclusivas en consumo que recolle o Estatuto de Autonomía de Galiza no seu artigo 30.I.4, outorgando as competencias sobre comercio interior e defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre defensa da competencia. Máis aínda, o BNG alertou dos riscos que estaban a

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:02
Nº Rexistro: 20823
Data envío: 27/11/2017 18:02:03.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

darse xa non só desde a perspectiva das persoas consumidoras, senón tamén dos e das traballadores sobre os que cada vez paira maior responsabilidade baleirando desta ás entidades financeiras.

A comezos de 2017, o BNG pediu tamén que o Parlamento demandara á Xunta de Galiza levar a cabo as actuacións precisas de cara a solicitar que a CNMV trasladara canto antes a normativa comunitaria de protección dos e das usuarias de banca ante a comercialización dos produtos financeiros, e que esa adaptación se producira coa negociación da representación dos cadros de persoal. Doutra banda, as e os nacionalistas insistimos sempre na necesidade de non responsabilizar ás e aos traballadores de cuestións que deben depender das entidades bancarias e das entidades públicas, como é o referido ás valoracións de risco, sen entrar en posíbeis conflitos de interese e consecuencias mesmo penais para traballadores e traballadoras que reciben en moitos casos presións para as vendas e cuxas condicións de traballo teñen empeorado. Así mesmo, insistimos sempre na importancia da formación e da regulación desta, que debe ter o seu peso en institucións públicas.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos alarmante que a CNMV non teña considerado que nin unha soa titulación das impartidas dentro do Sistema Universitario Galego teña validez de cara á formación de persoal para as funcións de venda dos produtos financeiros, máis aínda cando se trata dunha tarefa que ocupa a maioría das e dos traballadores de cada entidade. As e os nacionalistas consideramos fóra de toda lóxica que se exclúan as titulacións universitarias impartidas que teñen relación coa materia e tamén outras formacións profesionais e que se limite a unhas certificacións recentemente publicadas que non obedecen aos criterios de adaptación ás novas normas nin de apostar pola formación

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:02
Nº Rexistro: 20823
Data envío: 27/11/2017 18:02:03.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desde os sistemas públicos. Consideramos, polo tanto, que estamos diante dun agravio para co Sistema Universitario Galego, as competencias galegas de ensino e a protección dos cadros de persoal e das persoas consumidoras, pois afóndase no desleixo canto á formación mesmo derivándoa nalgún caso a entidades con poucas garantías.

Por todas estas cuestións formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

-Cal é a valoración do goberno galego da exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema Universitario Galego para a formación dos cadros de persoal das entidades bancarias e a venda de produtos financeiros complexos?

-Que actuacións ten levado ao respecto o goberno galego?

-Trasladou a Xunta de Galiza algunha suxestión previa ou posterior á Comisión Nacional de Mercado de Valores? Dirixiuse ao organismo estatal para tratar este asunto?

-Considera o goberno galego que están a ser respectadas as competencias de ensino do noso país?

-Considera o goberno galego que é garantida a certificación como asesor ou asesora pola vía da EFPA?

-Ten avaliado esta cuestión en diálogo coas organizacións sindicais dos e das traballadoras? Con que resultado?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:02
Nº Rexistro: 20823
Data envío: 27/11/2017 18:02:03.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten avaliado esta situación a Xunta de Galiza coas Universidades Galegas?

-Ten avaliado o Instituto Galego de Consumo as posíbeis repercusións na vulneración da protección das persoas consumidoras?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 18:01:40

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 18:01:46

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 18:01:47

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:02
Nº Rexistro: 20823
Data envio: 27/11/2017 18:02:03.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 18:01:48

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 18:01:50

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 18:01:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:21
Nº Rexistro: 20830
Data envío: 27/11/2017 18:21:08.295

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Formar en materia de xénero e de prevención da violencia machista especialmente entre o profesorado responsábel da educación das novas xeracións no ensino regrado é fundamental para avanzar colectivamente. Neste sentido, xa a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero facía mención á poboación xuvenil e á importancia do ensino. De feito, no artigo 14 recolle "As administracións educativas e universidades, no ámbito das súas competencias, asegurarán que na totalidade dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero se incorporen contidos relacionados coa comprensión desta violencia, dirixidos á capacitación para a prevención, detección precoz, intervención e/ou apoio ás mulleres que a sofren."

Por responsabilidade, tanto coas vítimas e potenciais vítimas, co conxunto sociedade como co propio profesorado é preciso esixir pero tamén facilitar elementos capacitadores para tal función. Neste sentido, débese garantir e mellorar a formación e capacitación do persoal docente, a comezar por aquelas persoas que están na súa formación inicial.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:21
Nº Rexistro: 20830
Data envío: 27/11/2017 18:21:08.295

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o curso 2009-2010 impártese o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, requisito imprescindíbel para que calquera persoa poida optar á función docente na Secundaria e Formación Profesional. Polo tanto, é unha formación específica que debera incorporar contidos referentes á prevención, identificación, detección e intervención en situacións de violencia machista.

Neste sentido, a raíz dunha Proposición non de lei debatida no Pleno do Parlamento Galego o día 21 de novembro de 2017 o día 22 a Cámara acordou por unanimidade o seguinte acordo "O Parlamento de Galiza insta á Xunta a, desde o respecto á autonomía universitaria, propor ás universidades galegas a modificación dos actuais plans de estudos do Máster Universitario en Profesorado para a incorporación unha materia específica sobre a atención e a prevención de violencia de xénero de cara a reforzar os contidos que deben impartirse na actualidade de xeito transversal e seguir propiciando a adquisición de competencias das e dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas; así como a resolución de conflitos."

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cal foi a valoración do goberno galego da proposta aprobada polo Pleno? Desenvolveron avaliacións específicas os departamentos da Secretaría Xeral de Igualdade e da Consellaría de Ensino? En que termos?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para promover a consideración por parte das universidades galegas da incorporación dunha materia específica para a atención e prevención da violencia machista? Con que resultado?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:21
Nº Rexistro: 20830
Data envio: 27/11/2017 18:21:08.295

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Estabeleceu contacto con algunha universidade privada para tal efecto? E coa UNED?

-Cal é a folla de ruta ao respecto que ten planificada o goberno galego?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 18:17:59

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 18:18:05

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 18:18:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:21
Nº Rexistro: 20830
Data envio: 27/11/2017 18:21:08.295

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 18:18:09

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 18:18:10

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 18:18:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20841
Data envio: 27/11/2017 18:32:56.467

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita,** relativa á poxa na que se acha un dos principais xacementos arqueolóxicos de Galicia: O asentamento de Pena Grande Bordelle, Santaballa, Vilalba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Hacienda e Función Pública saca a poxa para o 15 de decembro unha serie de bens e leiras. Entre outras, unha parcela de algo máis de tres hectáreas e media de superficie, por 7.785,66 €. Nela áchase un dos principais xacementos arqueolóxicos de Galicia. Terá lugar nas dependencias da Delegación de Economía e Facenda de Lugo e poderanse presentar ofertas ata o día 11.

En concreto, os datos técnicos do que se vai a someter a poxa son:

Lote 25- Parcela 146 do polígono 1, paraxe Detrás da Pena Grande, da zona de concentración parcelaria de Santabaia, municipio de Villalba. Referencia catastral 27065C001001460000WE. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Villalba, ao tomo 554, libro 262, folio 179, leira 29508, inscripción 1ª. Linderos: ao Norte, coa parcela 143; ao Sur, coa 147; ao Leste, con camiño e ao Oeste, coa parcelas 144 e 145. Nesta leira existen dous xacementos arqueolóxicos. Superficie 35.512 m², tipo de licitación 7.785,66 €. Expediente 2017 027 00078 (1ª poxa).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20841
Data envio: 27/11/2017 18:32:56.467

Por certo, aproveitamos para demandar que se escriba correctamente a denominación do topónimo: é Vilalba e non o termo manipulado de "Villalba".

O asentamento de Pena Grande Bordelle, Santaballa, Vilalba, foi descuberto e escavado por D. José Ramil Soneira a finais da década dos sesenta do século XX. Constitúe un dos xacementos do Paleolítico superior, Magdaleniense, máis importante de Galicia polos estudios alí realizados e pola cantidade e calidade dos restos atopados.

As máis de dúas mil pezas líticas recuperadas, realizadas sobre seixo, cristal de rocha, sílex ou seixo porfídico, permítennos coñecer á xente que habitaba esta zona de Galicia hai máis de 13.000 anos. Detrás dos "útiles tipo" localizados, máis de douscentos, están as persoas que os tallaron usando unicamente as súas mans e os medios que lles daba a natureza.
Crearon laminiñas para cortar ou cazar; burís para labrar o óso, a madeira ou pedra; raspadeiras que acondicionaban as peles. Centos de elementos con información importante sobre como viviamos e como eramos milenios atrás.

Moitas destas pezas poden verse no Museo Provincial de Lugo e no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba. Pero o abrigo de Pena Grande e a súa contorna aínda conservan moitos outros materiais que poden poñerse en perigo se se realizan obras ou remocións na súa contorna.

Pena Grande é ademais un Ben Catalogado, e como tal protexido pola nosa lexislación. É un xacemento crave para a comprensión dos cambios ambientais que desembocan na actual fase climática, así como para estudar as transformacións culturais previas á adopción da vida campesiña.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20841
Data envío: 27/11/2017 18:32:56.467

Na mesma parcela atópase o Petróglifo de Pena Grande, posiblemente da Idade do Bronce, que ten a consideración de Ben de Interese Cultural xenérico. A composición está formada por un gravado principal que desenvolve dúas espirais que están unidas por un trazo curvo. Tamén existe un motivo cruciforme de realización máis basta e máis recente.

Contamos cun importante e rico patrimonio cultural. Lamentabelmente, observamos como día a día este patrimonio se vai destruíndo impunemente en toda Galicia. Lamentamos as constantes agresións que sofre o noso patrimonio natural, paisaxístico e cultural.

Conscientes da importancia que ten a conservación do patrimonio material e inmaterial, parécenos gravísima e incomprensible esta poxa.

Máis tendo en conta que durante os traballos de concentración si se tivo a sensibilidade patrimonial necesaria como para colocar este elemento nunha posición que permitise a súa conservación baixo a tutela da administración, esperamos tamén que haxa sensibilidade actual.

Segundo as noticias que transcenderon en prensa, parece ser que a razón da venda nun proceso de poxa é puramente economicista e obvia por completo o valor patrimonial e cultural da superficie mencionada. Sinálase que esta superficie pasou a disposición dun descoñecido. É dicir, habería unha agrupación de propietarios non coñecidos. Transcorridos varios anos desde o remate da reparcelación, e se ninguén reclama a propiedade, esa superficie pasa a disposición pública. Momento no que a administración, xa fora a autonómica ou a municipal, debería facerse cargo dos terreos para garantir a conservación dos xacementos arqueolóxicos que alberga.

O Ministerio de Facenda decidiu poñer o devandito terreo á venda sen ter en conta que no lugar se atopa un conxunto arqueolóxico de enorme valor, o que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20841
Data envio: 27/11/2017 18:32:56.467

indica a falla de información, transparencia e coñecemento do que se pon en proceso de poxa desde a Administración pública. Chama poderosamente a atención este modo de proceder, do mesmo xeito que resulta rechamante que desde a delegación de Facenda de Lugo non se aporte información respecto diso ou que previamente non se realice unha visita ás parcelas ou terreos que se poñen en poxa. Cremos que sería o idóneo para non atoparnos con sorpresas como a aludida.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

1. Coñece por que razón decidiu o Ministerio de Facenda poñer a poxa a parcela: Lote 25- Parcela 146 do polígono 1, paraxe Detrás da Pena Grande, da zona de concentración parcelaria de Santabaia, municipio de Villalba. Referencia catastral 27065C001001460000WE. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Villalba, ao tomo 554, libro 262, folio 179, leira 29508, inscripción 1ª. Linderos: ao Norte, coa parcela 143; ao Sur, coa 147; ao Leste, con camiño e ao Oeste, coa parcelas 144 e 145. Nesta leira existen dous xacementos arqueológicos. Superficie 35.512 m², tipo de licitación 7.785,66 ?. Expediente 2017 027 00078 (1ª poxa)?

2. Sabe o Ministerio de Facenda que neses terreos se atopa o xacemento arqueolóxico de Pena Grande situado na parroquia de Santabaía no municipio de Vilalba, un dos principais xacementos arqueolóxicos do período magdaleniense en Galicia que pertence ao paleolítico, onde se atoparon numerosas pezas de gran valor patrimonial?

3. Vai evitar con urxencia que o Ministerio de Facenda decida levar a poxa do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20841
Data envío: 27/11/2017 18:32:56.467

próximo 15 de decembro na Delegación de Facenda de Lugo o conxunto de Pena Grande?

4. Vai instar ao Ministerio para que ceda eses terreos gratuitamente á Xunta de Galicia ou ao concello de Vilalba para poñelos en valor desde un punto de vista do patrimonio cultural e histórico?

5. Comprobará, a partir deste caso, se existen outros xacementos arqueolóxicos na mesma situación que Pena Grande, para evitar futuras destrucións?

6. Cumprirá a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Artigo 1 (2). E Artigo 2 (1)?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Luca Chao Pérez,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/11/2017 18:32:01

Luca Chao Pérez na data 27/11/2017 18:32:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20843
Data envio: 27/11/2017 18:35:35.467

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Regulamento da Unión Europea 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre a Política Pesqueira Común, no seu artigo, 3, letra k) establece dentro dos principios de boa gobernanza da política pesqueira o criterio de transparencia no tratamento de datos de conformidade con os requisitos legais vixentes, respectando debidamente a vida privada, a protección de datos de carácter persoal e as normas de confidencialidade; a dispoñibilidade dos datos para os organismos científicos adecuados, outros organismos con intereses científicos ou de xestión, e outros usuarios finais concretos.

As autoridades públicas están obrigadas pola Lei 27/2006 a levar a cabo a difusión da información ambiental da maneira máis activa e sistemática posible. De feito, teñen a obriga de difundir unha información mínima, entre aqueles datos ou resumos de datos derivados do seguimento das actividades que afecten ou poidan afectar ao medio ambiente. Así, as autoridades estatais e autonómicas están obrigadas a promover unha maior accesibilidade os datos sobre o control e a execución da normativa pesqueira en España, sen máis limitacións que as excepcións previstas no artigo 4.4 do Convenio de Aarhus e no artigo 13.2 da Lei 27/2006.

O Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente, vén de facer público o seu informe "O Control e a Execución da Política Pesqueira en España Informe Final 26/07/2017". Nese informe establécese que como consecuencia da ausencia de datos publicamente dispoñibles sobre a aplicación do sistema de control de pesca en Galicia, foi necesario presentar unha solicitude de acceso á información ante a Consellería do Mar, da que depende a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia. E que esta unicamente facilitou o acceso parcial da información. Os datos non facilitados refírense á descrición dos tipos infractores de pesca máis comúns detectados no ámbito autonómico, así como os datos sobre procedementos sancionadores tramitados e a contía total das sancións administrativas impostas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20843
Data envío: 27/11/2017 18:35:35.467

O informe tamén indica que o Goberno galego non realizou o correspondente informe final de resultados relativo ao seu programa autonómico de control da trazabilidade dos produtos da pesca e a acuicultura. E polo tanto, imposibilita coñecer se se compren os requisitos de trazabilidade da UE ao longo da súa cadea de comercialización de produtos pesqueiros.

Faise preciso pois cumprir coas indicacións da UE, e aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre as inspeccións e infraccións en materia de pesca, e facilitar un acceso eficaz os datos sobre as sancións administrativas impostas por infraccións á normativa pesqueiras tanto a nivel estatal como autonómico. Ademais promover a publicación de informes anuais a nivel autonómico, incluíndo datos sobre o control e o cumprimento da normativa pesqueira. Aumentar a conciencia política e a vontade das autoridades públicas españolas para levar a cabo unha correcta aplicación das disposicións do Convenio de Aarhus en materia de acceso á información ambiental. Aumentar e mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes que participan no control e execución da normativa de pesca, tanto a nivel nacional como autonómico. As autoridades públicas deben ter coñecemento da achega do funcionamento real do sistema de control e execución da política pesqueira en España, sendo capaces de identificar tanto os logros como as limitacións existentes á hora de aplicar as normas da PPC e os seus regulamentos de control.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego das conclusións en materia de transparencia do informe "O Control e a Execución da Política Pesqueira en España Informe Final 26/07/2017" elaborado polo Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente?

2ª) Elaborou o Goberno galego o correspondente informe final de resultados relativo ao seu programa autonómico de control da trazabilidade dos produtos da pesca e a acuicultura, ao que fai mención o Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente?

3ª) Cumpre o Goberno galego os requisitos de trazabilidade da UE ao longo da cadea de comercialización de produtos pesqueiros?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20843
Data envío: 27/11/2017 18:35:35.467

4ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre as inspeccións e infraccións en materia de pesca e facilitar un acceso eficaz aos datos, se for o caso, en que prazo?

5ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para aumentar e mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes que participan no control e a execución da normativa de pesca tanto a nivel nacional como das comunidade autónomas?

6ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para promover a publicación de informes anuais a nivel autonómico, incluíndo datos sobre o control e o cumprimento da normativa pesqueira?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 27/11/2017 18:34:51

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2017 18:35:04

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20850
Data envio: 27/11/2017 19:25:13.311

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e **Luis Álvarez Martínez,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a**o abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Hai uns días, os medios de comunicación salientaron o anuncio para a inminente poxa pública dos terreos (polígono I, parcela 146) nos que se sitúan o xacemento arqueolóxico da Pena Grande, na parroquia de Santaballa, concello de Vilalba. Ditos terreos, forman parte do inventario de bens do Estado no expediente 2013/724/27/027/00001088 e correspóndense con terreos declarados no seu día de titularidade descoñecida. A poxa está fixada para o día 15 de decembro.

En dito terreo atópase un petróglifo catalogado como BIC e un xacemento paleolítico catalogado o da Pena Grande, un asentamento temporal de cazadores nómadas ocupado, segundo os restos atopados, en torno ao 14.000 a. C. e durante moito tempo xa que 8.000. anos mais tarde aínda era habitado. Neste xacemento téñense atopados milleiros de elementos de interese arqueolóxico como pezas de sílex, restos de útiles de caza e útiles de transformación como utensilios para cortar carne o traballar a madeira e os especialistas sinalan a necesidade de continuar cas investigacións, xa que constitúe un dos principais xacementos galegos para a comprensión dos cambios ambientais e culturais ata a adopción da vida campesiña polos poboadores do noso territorio.

É xa a terceira vez que se leva a cabo un procedemento de poxa sen que ningunha administración pública manifestara ningún interese en paralo e poñer este xacemento ao servizo da sociedade dada a súa importancia histórica e cultural, xa que constitúe un dos principais xacementos galegos para a comprensión dos cambios ambientais e culturais ata a adopción da vida campesiña polos poboadores do noso territorio e non pode admitirse que pase a mans privadas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20850
Data envio: 27/11/2017 19:25:13.311

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Coñece a Consellería de Cultura a pretensión do Ministerio de Facenda de realizar unha poxa dos terreos onde está radicado o xacementos arqueolóxico de Pena Grande no concello de Vilalba?

2.ª) Como valora que este xacemento pase a mans privadas?

3.ª) Pensa facer algo para evitar esta poxa e que este valioso xacemento pase a dominio público e poda seguir sendo investigado e se poda poñer en valor?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/11/2017 19:21:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/11/2017 19:21:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 11:32
Nº Rexistro: 20864
Data envío: 28/11/2017 11:32:14.453

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A asistencia sanitaria de A Illa de Arousa ofrécese a través do centro de saúde da localidade, que dispón de tres consultas de facultativos, dúas de enfermería e un pediatra a tempo parcial (compartido co municipio de Ribadumia). O centro de saúde, como infraestrutura, atópase con numerosos déficits de espazo e mantemento, polo que durante moito tempo se reclamou dende o municipio a construción dun centro de saúde novo que dera atención e servizo coa maior calidade posible aos veciños e veciñas de A Illa. A Consellería de Sanidade negou a posibilidade de construción dun novo centro, e limitouse a comprometer unha ampliación e mellora do existente. Non entanto, non se mellorará un aspecto relevante que é a súa situación, compartindo espazo co Instituto Social de la Marina, o que supón algún incordio de organización e funcionamento por ser entidades distintas e administración responsables diferentes. Esta mellora e ampliación aínda non está sendo realizada, a pesares de vir sendo prometida nos últimos tres orzamentos autonómicos.

Durante este proceso, e debido ao interese dos veciños e veciñas, liderado polo Concello de A Illa, púxose a disposición da consellería un terreo dispoñible e libre de cargas para a situación do novo centro de saúde que finalmente a consellería desbotou. O Concello, ao non ser utilizados, pediu a reversión dos terreos mais aínda non recibiu ningunha noticia ao respecto.

Mentres a situación da infraestrutura mellora, continúan os problemas de persoal no centro. Este verán o centro xa permaneceu durante un mes con un facultativo menos, xa que a Consellería de Sanidade deixou sen cubrir unhas vacacións. Na época estival A Illa convértese nun polo referente de atracción de visitantes, o que aumenta a problemática

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 11:32
Nº Rexistro: 20864
Data envío: 28/11/2017 11:32:14.453

xurdida pola non cobertura das ausencias de facultativos como se puido ver neste pasado verán coa saturación do centro e as demoras nas citas. O problema, lonxe de resolverse, continúa pois non existen garantías de cobertura dos profesionais por vacacións ou baixas, o que merma claramente a calidade da asistencia sanitaria dos veciños e veciñas que, ante as dificultades, teñen que optar ás veces por acudir ao PAC de Cambados ou ao Servizo de Urxencias do Hospital do Salnés, o que complica o normal funcionamento destes servizos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Consellería de Sanidade os problemas habituais no Centro de Saúde de A Illa respecto da instalación e do persoal?
2. Cal é o calendario de prazos que ten estimada a Consellería de Sanidade de obras e posta en funcionamento da ampliación e mellora do Centro de Saúde de A Illa?
3. Por que non se respondeu á solicitude do Concello de A Illa de reversión dos terreos que estiveron a disposición para a situación dun novo centro de saúde?
4. Pode garantir a Consellería de Sanidade a cobertura axeitada dos servizos sanitarios para A Illa de Arousa coa substitución dos profesionais necesarios en caso de ausencia dos titulares?
5. Ten previsto a Consellería de Sanidade o reforzo do servizo en época de verán debido ao aumento poboacional en A Illa de Arousa froito do turismo?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 11:32
Nº Rexistro: 20864
Data envio: 28/11/2017 11:32:14.453

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/11/2017 11:30:19

Noela Blanco Rodríguez na data 28/11/2017 11:30:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:07
Nº Rexistro: 20866
Data envío: 28/11/2017 12:07:30.281

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Un particular ven de realizar obras de desterre, captación e canalización de augas na finca 19/2949 da Z.C.P de Agudelo-Barro-Valiñas; esta parcela é propiedade da Consellería de Medio Rural e as obras parece que non teñen nin licencia municipal nin autorización autonómica.

Por todo isto, En Marea formula a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita:**

Ten constancia a Consellería se estas obras cumpren a legalidade vixente? De non ser así, que vai a facer a Xunta para repoñer a legalidade?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:07
Nº Rexistro: 20866
Data envío: 28/11/2017 12:07:30.281

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luis Villares Naveira na data 28/11/2017 12:06:14

Marcos Cal Ogando na data 28/11/2017 12:06:27

Antón Sánchez García na data 28/11/2017 12:06:37

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:02
Nº Rexistro: 20920
Data envío: 29/11/2017 10:02:38.579

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

As especies exóticas son vexetais, animais, fungos e microorganismos que son transportados salvando obstáculos ecolóxicos e que se establecen en zonas situadas fóra da súa área de distribución natural. Algunhas poden resultar invasoras, (como sucede coa Vespa Velutina), e difúndense rapidamente polo medio natural desprazando especies autóctonas competidoras.

O nivel de expansión acadado este ano 2017 e a presión que está a exercer sobre o equilibrio natural e medioambiental superan con creces tódalas predicións.

Somos conscientes de que aínda segue en período de expansión e adaptación ós diferentes microclimas e espazos naturais do territorio galego. A desaparición ou a acusada redución nas poboacións de polinizadores que depreda a Vespa Velutina, mesmo a diminución de moscas e outros insectos van dándono-la medida do perigo que supón para o equilibrio medioambiental e para as producións agrícolas que serven de base na nosa alimentación.

A medida que pasa o tempo, o tártago de patas amarelas continúa coa súa expansión xeográfica e coa súa intensificación poboacional e presión sobre o medio e a Consellería non toma a iniciativa claramente para atalla-lo problema. Parece que cun

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:02
Nº Rexistro: 20920
Data envío: 29/11/2017 10:02:38.579

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

..."temos de aprender a convivir con ela"… resume as medidas que está disposta a tomar.

Desde a Plataforma STOP—VELUTINA–GALICIA trasládansenos unha serie de inquedanzas e propostas de medidas que facemos nosas polo acaídas e polo que de coñecemento do problema amosan.

Soamente desde a sensibilización e participación de toda a cidadanía imos ser quen de darlle traza a esta ameaza.

O combate principal sitúase na primavera, no trampeo masivo feito no momento idóneo. Masivo e intensivo en todo o territorio. Idóneo porque vai se-lo capricho meteorolóxico quen marque o momento apropiado para facelo.

Debería ser feito polas consellerías competentes na materia e consistiría na entrega dunhas 50.000 trampas cos seus atraíntes e non só ós apicultores, incluiría tamén ós concellos e ós colexios. Esta nova distribución é fundamental para que o trampeo sexa masivo e efectivo.

Este trampeo require un seguimento que obriga como mínimo a unhas seis visitas a cada unha das trampas ó longo do ano, unha de colocación e cinco de reposición, levando un control de resultados e de cada unha das accións efectuadas.

A segunda medida precisa na loita contra esta especie invasora parte do coñecemento da especie, o seu comportamento neste noso territorio e as súas debilidades para podermos chegar a métodos de loita biolóxica, a única que nos pode garantir o éxito sen danos ambientais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:02
Nº Rexistro: 20920
Data envio: 29/11/2017 10:02:38.579

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para este labor vai ser necesario unifica-la actividade investigadora e financiala. As investigacións provenientes de organismos públicos contan coa avantaxe que supón a ausencia de lucro económico como obxectivo, o cal é en si unha garantía.

O goberno galego por medio das consellerías implicadas na xestión desta invasión ten o deber de poñe-los medios necesarios para dete-lo avance deste tártago na consciencia que só son medibles a longo prazo. Esta actividade investigadora é fundamental se queremos establecer un plan de loita estable aplicable a longo prazo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Vai financiar a Xunta de Galicia unha campaña preventiva de loita contra a Vespa Velutina consistente nun trampeo masivo de Primavera?

-Cal vai se-la implicación da Consellería de Medio Ambiente e da de Medio Rural?

-Ten previsto a Consellería de Medio Ambiente asinar algún convenio de investigación máis sobre a Vespa Velutina coas Universidades de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:02
Nº Rexistro: 20920
Data envío: 29/11/2017 10:02:38.579

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2017 19:14:33

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2017 19:14:38

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2017 19:14:39

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2017 19:14:41

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2017 19:14:42

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2017 19:14:43

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:14
Nº Rexistro: 20922
Data envío: 29/11/2017 10:14:22.938

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta,** para a súa resposta escrita, **relativa a ausencia do Instituto Enerxético de Galicia do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía da UE.**

Tras a adopción en 2008 do Paquete de medidas da UE sobre clima e enerxía ata 2020, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para apoiar os esforzos desenvolvidos polas autoridades locais na aplicación de políticas de transición enerxética cara a unha enerxía sustentable.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía agrupa a miles de autoridades locais e rexionais co compromiso voluntario de aplicar nos seus territorios os obxectivos climáticos e enerxéticos da UE.

Os novos asinantes prometen reducir as emisións de CO2 en polo menos un 40 % de aquí a 2030 e adoptar un enfoque integral para abordar a atenuación do cambio climático e a adaptación a leste.

O Pacto dos Alcaldes é un movemento único desde a base que conseguiu mobilizar a un gran número de autoridades locais e rexionais para desenvolver plans de acción e orientar os investimentos cara á atenuación dos efectos do cambio climático.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a cal se convidaba ás cidades e vilas a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático. A finais de 2015,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:14
Nº Rexistro: 20922
Data envío: 29/11/2017 10:14:22.938

ambas iniciativas fusionáronse no novo Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, mediante o cal se asumiron os obxectivos da UE para 2030.

A Comisión Europea e a Oficina do Pacto dos Alcaldes lanzaron no verán de 2015 un proceso de consultas auspiciado polo Comité das Rexións da Unión Europea a fin de solicitar as opinións dos interesados sobre o futuro do Pacto dos Alcaldes. A resposta foi unánime: o 97 % pediu un novo obxectivo que fóra máis aló de 2020 e o 80 % solicitou un obxectivo a máis longo prazo. Así mesmo, a maioría dos enquisados asumiu os obxectivos para 2030 de reducir en polo menos un 40 % as emisións de CO2 e gases de efecto invernadoiro, e apoiou a integración de estratexias de atenuación do cambio climático e adaptación a este dentro dun marco común.

Deuse respaldo aos tres alicerces deste pacto reforzado: a atenuación, a adaptación e a enerxía segura, sustentable e alcanzable.

Os asinantes apoian unha visión común para os obxectivos dos anos 2030 e 2050: acelerar a descarbonización dos seus territorios, fortalecer a súa capacidade de adaptación para os efectos inevitables do cambio climático e permitir aos seus cidadáns o acceso a fontes de enerxía seguras, sustentables e alcanzables.

A fin de traducir o seu compromiso político en medidas prácticas e proxectos, os asinantes do Pacto deberán preparar, en particular, un Inventario de Emisións de Referencia e unha Avaliación de Riscos e Vulnerabilidades derivados do Cambio Climático. Deste xeito, comprométense a presentar, no prazo de dous anos a partir da data en que a corporación municipal tome a decisión, un Plan de Acción para a Enerxía Sustentable e o Clima (PAESC) no que se resuman as accións crave que planean levar a cabo. A estratexia de adaptación deberá ser parte do PAES e/ou deberá desenvolverse e integrarse nun ou varios documentos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:14
Nº Rexistro: 20922
Data envío: 29/11/2017 10:14:22.938

independentes de planificación. Este ineludible compromiso político marca o inicio dun longo proceso durante o cal as cidades deberán informar cada dous anos dos avances realizados.

Nos últimos anos adheríronse a este Pacto 1.814 concellos en toda España, dos cales 1.519 xa teñen redactados e presentados os seus Plans de Acción e 461 están xa en fase de monitorización despois da súa posta en marcha.

Todos estes plans municipais de transición enerxética foron posibles polo apoio decidido das respectivas Axencias ou Institutos de Enerxía dos seus gobernos autónomos correspondentes, dada as escasas posibilidades financeiras dos concellos para poder asumir este tipo de iniciativas.

As políticas de transición enerxética deben de ter accións macro como a descarbonización da produción de enerxía, pero tamén accións intermedias e mesmo microaccións múltiples. Aquí é onde a actuación nas contornas cidadás de todo tipo, xa sexan urbanas ou rurais en todos os impactos que producen, é imprescindible para reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro e mitigar o cambio climático

Unha vez revisada a web do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía da UE comprobamos que o Instituto Enerxético de Galicia non se atopa entre as entidades promotoras ou colaboradoras do citado Plan. Iso podería explicar o por que da escasísima presenza de concellos galegos que están a desenvolver plans de acción de transición enerxética.

Esta inacción ante un dos maiores problemas da humanidade e por extensión de Galicia, como vén demostrado polos terribles efectos sufridos nas últimas datas pola vaga de lumes e a terrible seca que estamos a sufrir, parécenos unha grave

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:14
Nº Rexistro: 20922
Data envio: 29/11/2017 10:14:22.938

irresponsabilidade de goberno.

Por todo o exposto, **En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:**

1.- Cal é o motivo de que o Instituto Enerxético de Galicia non asinase o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía?

2.- Coñece o Instituto Enerxético de Galicia os concellos de Galicia que desenvolveron os seus Plans de Acción para a Enerxía Sustentable e o Clima?

3.- Colaborou con estes Concellos no desenvolvemento dos Plans?

4.- Pensa o Instituto Enerxético de Galicia reconsiderar a súa postura e asinar o Pacto?

5.- No seu caso ten previstas o Instituto Enerxético de Galicia dotacións orzamentarias para axudar aos Concellos de Galicia a asinar o Pacto e a desenvolver o compromiso de redacción e implementación dos seus Plans de Acción para a Enerxía Sustentable e o Clima?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:14
Nº Rexistro: 20922
Data envío: 29/11/2017 10:14:22.938

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 29/11/2017 10:11:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 11:59
Nº Rexistro: 20932
Data envío: 29/11/2017 11:59:11.266

en marea
enmarea.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Tanto dende Augas de Galicia como dende a propia Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio veñen realizando numerosos requirimentos ao Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación a vertidos de augas residuais a espazos de dominio público, tanto marítimo-terrestre como na praia de Compostela ou no Porto Deportivo, como hidráulico na Avda. Doutor Tourón.

Ante a seriedade da situación exposta, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Cantos requirimentos se teñen realizado ao Concello de Vilagarcía de Arousa, dende Augas de Galicia e dende a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio relacionados con esta problemática?

- Ten o Goberno de Galicia constancia da posta en marcha de algunha actuación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 11:59
Nº Rexistro: 20932
Data envío: 29/11/2017 11:59:11.266

en marea
enmarea.gal

para solucionar as problemáticas sinaladas nos requirimentos achegados a dito concello?

- En caso de que o Concello de Vilagarcía de Arousa non solucione esta problemática, que solución ou solucións ten prevista/s o Goberno de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira
Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/11/2017 11:57:58

Marcos Cal Ogando na data 29/11/2017 11:58:05

Antón Sánchez García na data 29/11/2017 11:58:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 12:48
Nº Rexistro: 20936
Data envío: 29/11/2017 12:48:36.220

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

A situación do sector lácteo en Galicia está a facer moi difícil a sustentabilidade das explotacións. E iso, a pesar de que Galicia produce o 70 % do leite de toda España (Declaracións obrigatorias do sector vacún de leite de agosto de 2017), e que Galicia é un territorio onde, as súas condicións naturais, mostran maior disposición para esta produción. Se a esta situación de crise láctea engádese que se abate sobre un sector vertebrador e estabilizador dun territorio cun alto nivel de despoboamento poboacional onde o inverno demográfico está a poñer en risco a propia estabilidade territorial, apréciase máis aínda a necesidade de acometer medidas estruturais para o seu mantemento viable.

Co novo escenario de liberalización do mercado imposto pola desaparición en abril de 2015 das cotas lácteas, Galicia perdeu case un 9 % das súas explotacións gandeiras; no 2015 contaba con algo máis de 9.000 explotacións e, na actualidade, con 8.207 explotacións (Declaracións obrigatorias do sector vacún de leite de agosto de 2017).

No mes de setembro de 2015 e despois de fortes presións dos gandeiros asinouse o "Acordo para a sustentabilidade do sector lácteo" que segundo a ministra era absolutamente positivo e traería beneficios aos gandeiros españois.

O acordo pretendía establecer un prezo sustentable para cada elo da cadea de valor do sector lácteo, que cubrise, e superase, custos para gandeiros, industria e distribución pero non deseñou as ferramentas adecuadas para iso como xa está claramente probado, e ao tempo o Ministerio rexeitou incluír no acordo un réxime sancionador, polo que non hai garantía de cumprimento do acordo.

O resultado do acordo está a resultar insatisfactorio, tanto para o sector lácteo en xeral como en particular para os gandeiros de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 12:48
Nº Rexistro: 20936
Data envio: 29/11/2017 12:48:36.220

Ademais, se temos en conta os beneficios enormes que tiveron as grandes empresas do sector lácteo en Galicia, vemos que os gandeiros non recibiron a parte proporcional lóxica deses beneficios. Os gandeiros séntense desprotexidos, xa que ven como as grandes empresas lácteas gañan millóns de euros en beneficios, e eles seguen sen ver a chegada real ao prezo do leite que producen e venden.

Os grandes beneficios obtidos débense, en parte, á revalorización da manteiga. Este produto lácteo está en alza e, segundo un informe recente da Comisión Europea, para que os prezos de orixe da materia prima sigan a estela da manteiga, estes terían que ser entre 3 e 7 céntimos máis altos.

Neste contexto, no que a manteiga chegou incluso a duplicar o seu prezo en once meses, e todo apunta a que continuará esta liña debido á crecente demanda que ten a nivel mundial, os gandeiros estanse a preguntar porque ese beneficio non chega ás súas arcas, permitíndolles saír da espiral negativa na que se atopan dende hai anos.

O prezo da manteiga debería servir para que o importe da materia prima (do leite) tamén se vise favorecido, mellorando así as ganancias dos propios gandeiros. Non obstante, en Galicia, isto non é así.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é a opinión da Xunta de Galicia de que as industrias lácteas incrementen as súas ganancias e as explotacións gandeiras teñan perdas?

2ª) Ten a Xunta de Galicia previsto tomar medidas para que as industrias lácteas aproveiten o aumento á alza da demanda e do prezo da manteiga, en caso afirmativo, cales?

3ª) Que opinión ten a Xunta de Galicia con respecto a que o sector gandeiro galego non se vise beneficiado desta situación positiva do valor da manteiga?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 12:48
Nº Rexistro: 20936
Data envío: 29/11/2017 12:48:36.220

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

4ª) Non considera a Xunta de Galicia, que este tipo de situacións, a parte de contribuír á mellora do PIB galego, xera situacións de desigualdade pola falta dunha inclusión real de todos os actores da cadea láctea na mellora económica e de beneficios do sector, ten pensado tomar algunha medida para tratar de conseguir un reparto xusto dos beneficios chegando ata os gandeiros e frear así, tamén, o peche masivo de explotacións?

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/11/2017 12:45:58

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/11/2017 12:46:02

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:35
Nº Rexistro: 20955
Data envío: 29/11/2017 16:35:22.063

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Durante anos, veciñanza, asociacións locais e organizacións políticas reivindicaron a construción primeiro e a apertura despois dun Centro de Saúde no barrio do Couto, en Ourense. Trátase dun barrio con moita poboación e necesidades evidentes de mellora na proximidade de atención sanitaria, para alén das necesidades de desconxestión doutros centros de saúde próximo. Malia todo isto, diferentes atrancos e a falta de vontade política da Xunta de Galiza e outros axentes dificultaron a súa apertura ao público mesmo aínda estando en risco de perder a parte de axudas europeas que contribuíran á súa edificación.

Parecía que a apertura tería lugar en setembro de 2016 pero tamén entón tivo un adiamento malia os anuncios públicos previos. Na altura, a Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde de Ourense volvía dar marcha atrás ao non ter a licencia de ocupación nun novo episodio de demora.

Finalmente, na última semana de novembro de 2017 o Centro de Saúde abriu as súas portas. Porén, a falta de planificación e improvisación da Xunta repercutiu en saturación na administración e molestias para as persoas usuarias do Couto e de Nóvoa Santos porque mudaron automaticamente ás persoas adscritas a profesionais que agora

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:35
Nº Rexistro: 20955
Data envio: 29/11/2017 16:35:22.063

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se desprazaban ao novo centro. A administración dedicouse a enviar cartas a usuarios e usuarias do Centro de Saúde de Nóvoa Santos (Xoán XXIII) indicándolles que como o seu médico ou médica se trasladaba ao Couto pasarían a ser atendidas alí ou ben debía ir mudar de profesional. A administración non fixo unha boa planificación da apertura e derivou en casos, por exemplo, de pais e nais de crianzas que vivindo no Casco Vello tiveron que ir facer cola ao Centro do Couto, afastado da que debera ser a súa zona, para seguir sendo atendidos en pediatría en Xoán XXIII porque a Xunta mudou ás persoas usuarias automaticamente ao desprazarse a persoa profesional de Pediatría ao novo centro. No lugar de consultar ás persoas afectadas e facilitar a elección ou explicar o cambio e trasladar a atención a outro ou outra Pediatra, a administración actuou con política de feitos consumados.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cal é a avaliación do goberno galego do inicio de actividade do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense?

-Que protocolos para a reorganización sanitaria e de usuarios e usuarias desenvolveu a Consellaría de Sanidade? Coñece os problemas arriba exemplificados?

-Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego diante das problemáticas da apertura do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense?

-Cal é a concreción do cadro de persoal previo e posterior do C.S Nóvoa Santos? E o número de tarxetas sanitarias adscritas?

-Cal é a concreción do cadro de persoal do C.S O Couto? E o número de tarxetas sanitarias adscritas?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:35
Nº Rexistro: 20955
Data envio: 29/11/2017 16:35:22.063

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é o número de pediatras do C.S Nóvoa Santos previo á apertura do C.S O Couto? E posterior?

-Cal é o número de pediatras do C.S O Couto?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2017 16:33:32

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2017 16:33:37

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2017 16:33:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:35
Nº Rexistro: 20955
Data envio: 29/11/2017 16:35:22.063

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2017 16:33:40

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2017 16:33:42

Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2017 16:33:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:50
Nº Rexistro: 20962
Data envío: 29/11/2017 16:50:31.594

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A eficiencia das infraestruturas e a loxística é un factor relevante para a competitividade dos territorios e, polo tanto, para atracción das empresas cos mesmos e a capacidade de competir eficazmente das xa existentes.

A combinación dos nodos ferroviarios e marítimos produce un sistema de transporte de mercadorías máis sostible, e, en determinadas circunstancias, máis eficiente.

Galicia e, en xeral, o Noroeste da Península Ibérica, arrastra unha notable desvantaxe no acceso a este modo combinado de transporte, o que afecta á súa prosperidade económica actual e futura.

Para favorecer a conectividade co resto da península e, máis aló, co resto de Europa, cumpre redefinir o Corredor Atlántico de Mercadorías, dentro da rede europea TEN-T, de xeito conxunto con outras comunidades autónomas españolas.

En concreto, utilizar a revisión en 2018 da regulación do mecanismo CEF (Connecting European Facility; Mecanismo Conectar Europa) para definir os trazados da rede básica, incorporando a conexión entre os portos galegos e asturianos co actual trazado do corredor.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:50
Nº Rexistro: 20962
Data envío: 29/11/2017 16:50:31.594

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a renuncia do Goberno de España para proceder a modificación do Regulamento 1316/2013 e incluír a conexión ferroviaria dos principais portos galegos na rede básica do trazado do Corredor Atlántico?
2. Como vai defender o Goberno galego a integración da conexión ferroviaria para o transporte de mercancías entre os portos galegos de interese xeral e na rede europea TEN-T, redeseñando o trazado do Corredor Atlántico de mercadorías (rede básica)?
3. Pensa demandar ao Goberno de España a que defenda nas instancias europeas a redefinición da rede básica para incluír a conexión ferroviaria dos portos co Corredor Atlántico, vía Monforte, León e Palencia?
4. Considera oportuno establecer o ano 2018 como referencia para acadar este obxectivo?

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2017 16:48:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:50
Nº Rexistro: 20962
Data envio: 29/11/2017 16:50:31.594

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Raúl Fernández Fernández na data 29/11/2017 16:48:23

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/11/2017 16:48:29

María Luisa Pierres López na data 29/11/2017 16:48:34

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 18:12
Nº Rexistro: 20965
Data envío: 29/11/2017 18:12:07.360

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

En datas recentes o alumnado do CEIP de Coirón-Dena do concello de Meaño dirixiu unha carta aos comerciantes e empresarios do dito concello coa finalidade de solicitar a súa axuda, xa que teñen a intención de recadar fondos para proceder ao arranxo do patio do colexio.

Segundo manifestan estes alumnos e alumnas, teñen actuado e previsto actuar en tres liñas:

1ª) Elaboraron un vídeo-clip titulado "Quero un patio novo" co que conseguiron o primeiro premio en metálico no Ouff Escola do Festival Internacional de Cine de Ourense na categoría infantil e primaria.

2ª) Dirixíronse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e

3ª) Están a facer numerosas actividades coa axuda dos seus pais e profesores, como venda de lotaría, mercadiños, elaboración de tarxetas de nadal, etc.

Esta situación ten provocado diversas reaccións toda vez que parece que non existe sensibilidade por parte dos responsables da consellería para dar resposta a esta demanda do alumnado que parece verse impelido a buscar financiamento pola súa conta.

Ante este situación, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 18:12
Nº Rexistro: 20965
Data envío: 29/11/2017 18:12:07.360

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da situación exposta?

2ª) Coñece a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as demandas existentes no centro de mellora do patio escolar?

3ª) Se coñece esa demanda, ten previsto algún tipo de actuación ao respecto?

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/11/2017 18:10:26

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/11/2017 18:10:33

Julio Torrado Quintela na data 29/11/2017 18:10:48

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 18:22
Nº Rexistro: 20969
Data envio: 29/11/2017 18:22:43.641

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da avespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e principalmente na poboación de abellas melíferas.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala ao norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012\13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os que se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

As características desta especie foránea, substanciadas nun gran tamaño e agresividade, convértena nunha depredadora da "apis mellifera", a produtora de mel e polinizadora, causando un gran número de baixas nas colmeas coa conseguinte alarma entre os apicultores galegos que se vén desbordados por esta continxencia, e poñendo en perigo non só unha relevante e crecente actividade socieconómica senón tamén as posibilidades da adecuada polinización.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina pasan pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais na fauna e na flora.

As condicións climatolóxicas deste inverno-primavera de 2017 están a ser especialmente favorables para a expansión desta especie tan daniña para as abellas produtoras de mel. A ausencia de frío non reduciu a actividade de moitos niños de velutina nin reduciu o número de reinas procreadoras como viña

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 18:22
Nº Rexistro: 20969
Data envio: 29/11/2017 18:22:43.641

sucedendo nos derradeiros anos polo cal os apicultores están temendo un repunte da actividade da velutina.

Por estas razóns é imprescindible redobrar e canalizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga:

a) O trampeo masivo deberá comezar no mes de febreiro, a máis tardar, cando as temperaturas aumenten e débese comezar polas zonas máis cálidas da comunidade autónoma e ir avanzando progresivamente cara ao resto de Galicia.

b) A potenciación da investigación é imprescindible, tanto para coñecer adecuadamente os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela.

c) O combate dunha praga coas características da velutina require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados nesta loita, por esta razón entendemos que a presenza e integración do tecido asociativo apícola galego é de gran interese para atopar as mellores fórmulas de extinción e control da praga.

d) Coñecer as características da praga por parte da poboación implica unha labor de divulgación que debe ir desde os centros de ensino ata a poboación en xeral. Por outro lado, o coñecemento das características da velutina, comportamentos individuais e colectivos, particularidades de niños e todo aquilo que supón un coñecemento certeiro desta praga é fundamental para as persoas que teñen a misión de extinguila de aí que a formación específica do persoal que ten que eliminala é tan fundamental como necesaria.

e) Outra das liñas de actuación fundamentais é a loita preventiva a levar adiante antes do verán para evitar un incremento do número de niños primarios para axudar no control de individuos.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 18:22
Nº Rexistro: 20969
Data envio: 29/11/2017 18:22:43.641

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1ª) Ten a Xunta de Galicia compradas as trampas e o atraente suficiente para comezar a facer o trampeo masivo no mes de febreiro, cantas unidades de cada ten comprado?

2ª) Vai o Goberno galego pór en marcha unha campaña informativa divulgativa, de cando e como colocar as trampas, en caso afirmativo, a través de que medios?

3ª) Que persoa ou persoas van ser as responsables da colocación das trampas para realizar o trampeo masivo?

4ª) Vai a Xunta de Galicia dotar dunha partida orzamentaria suficiente para profundar na investigación co fin de atopar e/ou mellorar os sistemas de erradicación desta especie, en caso afirmativo, cal vai ser o orzamento?

5ª) Vai a Xunta de Galicia sacar axudas directas para facerlle fronte aos danos causados pola avespa asiática na cabana apícola, en caso afirmativo, cal vai ser o orzamento e en que prazo?

6ª) Quen forma parte da Comisión de seguimento da velutina, por que non se inclúe a todos os representantes do sector apícola?

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/11/2017 17:48:11

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/11/2017 17:48:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:09
Nº Rexistro: 20999
Data envio: 30/11/2017 17:09:03.619

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta **escrita**, relativa ao traslado da locomotora "Sarita" ao seu emprazamento orixinal.

Trátase dunha locomotora histórica, fabricada en 1880 en Leeds pola Hunslet Engine Company, por encargo da compañía ferroviaria portuguesa "Beira Alta". Para, en 1886, ser regalada a John Trulok para que a usara como vehículo de recoñecemento das obras que se estaban a realizar. Será nese momento cando a rebautice co nome de Sar e a sitúe na estación de Carril en Vilagarcía. Porén, á morte de Trulock en 1919 a locomotora acabarase reintegrando na rede de ferrocarrís española.

A última viaxe da "Sar", empregando os seus propios medios, foi realizado de Vigo a Vilagarcía para ser exposta na Edición de 1968 na Feira Exposición de Galicia.

Logo, esta importante peza do ferrocarril de Galicia, foi depositada na estación de Madrid Delicias en 1979 para formar parte da colección do Museo Nacional do Ferrocarril. Alí permanecería ata 1990, ano no que foi cedida á Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia, onde se atopa actualmente, nun importante estado de abandono.

Tendo en conta a vinculación clara entre a locomotora e Vilagarcía, concello que dispuxo da primeira estación de ferrocarril de Galicia, e que nel se empraza o Museo do Ferrocarril, máxime unha vez que a mencionada Fundación pasou a mans públicas non debería haber motivo algún para que a locomotora continuara en Padrón.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:09
Nº Rexistro: 20999
Data envio: 30/11/2017 17:09:03.619

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Considera adecuado o Goberno galego o estado de abandono no que se atopa a devandita locomotora?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/11/2017 16:45:44

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/11/2017 16:45:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:26
Nº Rexistro: 21006
Data envío: 30/11/2017 17:26:36.082

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Esta é a terceira vez que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural rexeita o proxecto urbanístico da Horta do Cura, en pleno casco histórico de Pontevedra. O seu informe é negativo, o que vai obrigar a modificar de novo os plans para este lugar. Din que a decisión do Goberno galego foi desfavorable polo problema do acceso dos coches dende a rúa Bastida e polo mantemento da fachada do inmoble dun dos seus lados, o que semella dificultar a apertura dunha entrada aos garaxes subterráneos para residentes que se pretendía a través dun proxecto xa recollido dende o ano 2003 no Plan Especial de Protección do Centro Histórico (Peprica).

Este espazo, a Horta do Cura, mide 1073 metros cadrados e está situado nun lugar privilexiado da zona monumental de Pontevedra, á carón da Praza de España. De feito, con el lindan a que fora casa do famoso pirata do século XIX, Benito Soto Aboal (a chamada casa das Campás) e tamén a que fora casa parroquial da xa inexistente Igrexa de San Bartolomeu o Vello; de aí o seu nome. Hoxe, non é máis que un espazo absolutamente degradado. Nun casco histórico que non conta con espazos verdes. Quizais fose o momento dunha alternativa ao aparcamento.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales foron os motivos polos que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural rexeitou o proxecto urbanístico da Horta do Cura, no casco histórico de Pontevedra?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:26
Nº Rexistro: 21006
Data envio: 30/11/2017 17:26:36.082

2. Ten coñecemento o Goberno galego da degradación deste espazo?
3. Sería favorable o Goberno galego a unha alternativa ao aparcamento proxectado?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
María Luisa Pierres López
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/11/2017 17:25:22

Maria de la Concepción Burgo López na data 30/11/2017 17:25:27

María Luisa Pierres López na data 30/11/2017 17:25:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:28
Nº Rexistro: 21024
Data envío: 30/11/2017 18:28:38.722

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

A Asociación Camiño dos Faros vén de manifestar publicamente o seu malestar pola denominación "Ruta dos Faros" utilizada polos GALP (Grupos Acción Local Sector Pesqueiro).

Camiño dos Faros, ten como obxectivo a promoción da Costa da Morte, existe dende hai 5 anos. Iniciou a súa actividade, e tras darse a coñecer a través das redes sociais, comezaron un movemento social que continúa hoxe en día promocionando unha ruta das máis espectaculares que existen en Europa, sen apenas recursos, co traballo voluntario de centos de persoas, poñéndoa no circuíto de rutas de sendeirismo e atraendo a xentes de todo o mundo. Un traballo altruísta dunha sociedade que quere á súa terra e llela quere ensinar a todo o mundo.

Na actualidade o Camiño dos Faros (tamén coñecido como Ruta dos Faros) está presente e é coñecida no ambiente dos camiñantes europeos, co cal é difícil comprender, como os GALP crean unha "Ruta dos Faros de Galicia", que percorrerá en coche todos os faros de Ribadeo ata Tui, e que foi presentada con toda a pomposidade en Santiago.

Trátase dunha marca que causa confusión co proxecto xa existente de Camiño dos Faros. Así, de feito, se facemos unha procura en Google do termo "Ruta dos Faros" xa indica claramente quen é coñecido en toda Europa con ese nome.

A propia Deputación da Coruña e a Asociación do Camiño dos Faros asinaron un convenio polo que a institución provincial financiará a homologación da ruta, que se converterá en senda de gran percorrido.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que opina o Goberno galego respecto da denominación elixida polos GALP en relación co proxecto presentado como "Ruta dos Faros"?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:28
Nº Rexistro: 21024
Data envío: 30/11/2017 18:28:38.722

Grupo Parlamentario

2ª) É coñecedor o Goberno galego da iniciativa existente e coñecida como "Camiño dos Faros"?

3ª) Vai cambiar o Goberno galego a denominación de "Ruta dos Faros de Galicia" para evitar a confusión respecto ao Camiño dos Faros, xa existente dende 2013, se for o caso, cando?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 30/11/2017 18:23:48

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/11/2017 18:24:01

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/11/2017 18:24:11

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20952
Data envio: 29/11/2017 16:06:10.638
Data 29/11/2017 16:06

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5988,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Asociación Galega de Vítimas do Amianto referidas á atención sanitaria aos traballadores expostos ao amianto na súa vida laboral, á unificación dos criterios aplicados nas resolucións dos equipos de valoración de incapacidade e ao recoñecemento da enfermidade profesional do mesotelioma como invalidante"**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"Segundo os datos que obran en poder desta Consellería de Sanidade, dentro do Programa Integral de Vixilancia dos Expostos ao Amianto (PIVISTEA), implantado na nosa Comunidade Autónoma desde o ano 2001, a día de hoxe existen un total de 6.524 traballadores post-expostos ao amianto na área de Ferrol que están sendo atendidos no Servizo Galego de Saúde para levar a cabo a vixilancia sanitaria específica en base ao establecido na lexislación vixente. No último informe remitido ao Ministerio de Sanidade no marco da avaliación de dito Plan, os resultados de dita vixilancia son de 28 mesoteliomas pleurais e 1 peritoneal acumulados desde o ano 2001 ao 2014, todos eles en traballadores postexpostos ao amianto, para un total de 6.524 traballadores postexpostos.

Moitos dos afectados pola exposición ao amianto, debido á industria existente nesa comarca, pertencen á area sanitaria de Ferrol, polo que a unidade de pneumoloxía do CHUF é a que mais volume de afectados trata, dentro do programa específico de vixilancia dos expostos ao amianto que leva a cabo o Servizo Galego de Saúde.

CVE-PREPAR: 95eaa7a6-b9c9-7af0-2176-4ceb2a654d10

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 29/11/2017 16:06:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20952
Data envio: 29/11/2017 16:06:10.638

Sí, temos tido contactos e xuntanzas coa asociación citada na pregunts, que reivindica, entre outras, un fondo de compensación para os afectados, un criterio de incapacidade baseado na enfermidade non na causa/efecto, e un criterio unificado dos Evis. Todas estas reivindicacións exceden as competencias desta Consellería, sendo na meirande parte competencia da Administración Xeral do Estado.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 95eaa7a6-b9c9-7af0-2176-4ceb2a654d10

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20952
Data envio: 29/11/2017 16:06:10.638

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2017 16:06:03

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:00
Nº Rexistro: 20997
Data envio: 30/11/2017 17:00:17.630
Data 30/11/2017 17:00

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6207,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **"as previsións da Consellería de Sanidade en relación coa dotación de profesionais hixienistas dentais a todas as unidades de saúde bucodental existentes no Sergas, a posta en marcha no último ano dalgún tipo de campaña relativa ás prestacións na materia e o cumprimento do acordo parlamentario referido ao estudo da viabilidade de ampliar a cobertura da atención á saúde bucodental no Sergas, así como as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG número 85 do 17 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"O Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Salud e o procedemento para a súa actualización, ten como obxectivos garantir a equidade e a accesibilidade a unha adecuada atención sanitaria no Sistema Nacional de Salud, e iso a través de dous medios:

1. Establecendo o contido da carteira de servizos comúns das prestacións sanitarias de saúde pública, atención primaria, atención especializada, atención de urxencias, prestación farmacéutica, ortoprotésica, de produtos dietéticos e de transporte sanitario.

2. Fixando as bases do procedemento para a actualización da carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde.

Pois ben toda esta carteira de servizos común, está a prestala xa o Sergas, e nalgúns puntos xa a estaba prestando antes de publicarse a última orden que actualizou a carteira de servizos.

A ampliación de carteira de servizos a fin de financiar as limpezas dentais e empastes das pezas dentais en adultos, non se contempla na carteira de servizos común, nin nas prestacións de ningunha das CCAA.

CVE-PREPAR: 8e611cb8-6728-cd17-68f5-3e0f5a022125

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 30/11/2017 17:00:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:00
Nº Rexistro: 20997
Data envio: 30/11/2017 17:00:17.630

As USB do Sergas teñen un ámbito de actuación de servizo de atención primaria. Actualmente existen 89 USB que contan cun profesional odontólogo e hixienista.

Cando se desenvolveu e potenciou o programa de saúde bucodental do Sergas realizáronse campañas informativas dirixidas tanto aos profesionais como á poboación, editando carteis e folletos que se situaron nos centros de saúde, polo que os profesionais están capacitados para informar á poboación da carteira de servizos.

A atención odontolóxica a pacientes con cancro o malformacións xa está incluída na carteira de servizos incluíndo ademais os implantes.

Ademais a carteira de servizos de saúde bucodental do Sergas inclúe as limpezas dentais con ultrasóns as embarazadas nas que estea indicado.

Do mesmo xeito a carteira de servizos do Sergas inclúe a obturación das caries oclusais sen afectación polpar dos primeiros molares permanentes en nenos ata os 14 anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 8e611cb8-6728-cd17-68f5-3e0f5a022125

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:00
Nº Rexistro: 20997
Data envio: 30/11/2017 17:00:17.630

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2017 17:00:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 16:59
Nº Rexistro: 20994
Data envio: 30/11/2017 16:59:42.583
Data 30/11/2017 16:59

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18968,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de asumir e entender como aceptables para unha óptima calidade asistencial os problemas existentes na atención primaria, as súas previsións referidas ao incremento do investimento específico nela a través do Sergas e a necesidade de máis profesionais, así como o número de centros de saúde iniciados dos previstos nos orzamentos de 2016 e 2017 e os precisos a curto prazo"**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento co gallo da comparecencia do conselleiro de Sanidade na sesión da Comisión 3ª celebrada o 27 de outubro de 2017 para informar do proxecto de orzamentos do seu departamento para o ano 2018.

Na mesma tamén informou do orzamento previsto para os novos centros de Saúde en construción ou que se van construir**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 135b8da3-0380-a629-3278-99e007073a73

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/11/2017 17:33:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2017 17:34
Nº Rexistro: 20272
Data envio: 15/11/2017 17:34:06.677

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2017 17:33:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:21
Nº Rexistro: 20873
Data envio: 28/11/2017 12:21:12.521
Data 28/11/2017 12:21

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19030,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Súarez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para evitar a contaminación do mar, a consecuencia da vaga de incendios rexistrada a mediados de outubro de 2017 no litoral galego, así como as súas previsións respecto da activación do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia"**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 23.11.2017- pola directora do Intecmar ao darlle resposta á pregunta 19028 sobre memo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 086e97f7-5a27-0f71-c2e0-6ba5abde5aa7

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/11/2017 12:21:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:21
Nº Rexistro: 20873
Data envio: 28/11/2017 12:21:12.521

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/11/2017 12:21:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:48
Nº Rexistro: 20777
Data envio: 27/11/2017 13:48:17.240
Data 27/11/2017 13:48

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19071,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións específicas levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia, así como as xestións realizadas diante do Goberno central en relación co posible impacto no sector turístico galego da vaga de lumes rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017"**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia traballa para reparar os danos materiais causados por mor da vaga incendiaria provocada no mes de outubro. Como é coñecido, o Consello da Xunta aprobou de xeito inmediato un decreto de medidas urxentes de axuda para a reparación de ditos danos, atender situacións de necesidade e contribuír a restaurar os valores naturais e a reactivar a actividade das zonas que resultaron afectadas.

O Decreto 102/2017, do 19 de outubro, inclúe medidas tamén no eido turístico, que se están a impulsar desde Turismo de Galicia. Neste sentido, estableceuse unha convocatoria de axudas nunha dobre dirección dotada con ata 1 millón de euros.

Por unha banda, abriuse unha convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas aos concellos da nosa Comunidade para proceder á reposición da sinalización turística que puidera ter sido afectada polos incendios.

A axuda económica que se conceda ás administracións locais poderá acadar a totalidade do investimento realizado cun importe de ata 20.000 euros por entidade.

Ademais, estableceuse unha convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva para establecementos turísticos afectados polos incendios, co fin de reparar os danos ocasionados. Neste caso, a axuda económica poderá acadar a totalidade do investimento realizado ata un máximo por entidade de 18.000 euros.

CVE-PREPAR: 52810232-8f20-c5b7-bac5-7907db808d70

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/11/2017 13:48:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:48
Nº Rexistro: 20777
Data envio: 27/11/2017 13:48:17.240

A política turística da Xunta de Galicia desenvólvese ao carón do sector, con quen mantén un diálogo fluído e unha intensa colaboración. Esta cooperación reflíctese na Estratexia do turismo de Galicia 2020, o documento presentado este ano que contén os retos, oportunidades e compromisos no eido turístico, e que foi elaborado en consenso co sector, a mellor maneira de acadar os obxectivos fixados nel.

Neste sentido, temos contactos diarios co sector privado, principalmente a través do Clúster de Turismo, que polo de agora non nos transmitiu incidencias especialmente salientables no referido a establecementos turísticos nin inquedanzas específicas polo grao en que puidera ter incidido a vaga de incendios. Do mesmo xeito, tampouco os xeodestinos, os concellos nin o resto das administracións coas que colaboramos téñennos expresado situacións de particular necesidade neste eido.

Desde Turismo de Galicia seguiremos atentos, como fíxemos ata agora, á evolución nas próximas semanas. Aínda é pronto para avaliar unha posible influencia directa na conxuntura turística, pois atopámonos na fase de elaboración dos resultados das enquisas oficiais realizadas. Unha vez obtidos e analizados, o Goberno galego seguirá xunto ao sector, disposto a implementar as medidas que foran consideradas necesarias, como xa fixemos coa mencionada convocatoria de axudas urxentes**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 52810232-8f20-c5b7-bac5-7907db808d70

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:48
Nº Rexistro: 20777
Data envio: 27/11/2017 13:48:17.240

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/11/2017 13:48:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:21
Nº Rexistro: 20872
Data envio: 28/11/2017 12:21:00.099
Data 28/11/2017 12:20

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19199,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para a fixación dos terreos afectados polos incendios forestais e evitar a súa chegada ás rías, as que vai levar a cabo no caso de arrastres de materias que podan afectar as zonas de produción marisqueira e a relación de espazos de actuación prioritaria prevista para evitar esas afeccións"**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 23.11.2017- pola directora do Intecmar ao darlle resposta á pregunta 19028 sobre similar tema**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 3d4102a2-8f21-0256-9544-7a78aa2af062

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/11/2017 12:20:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:21
Nº Rexistro: 20872
Data envio: 28/11/2017 12:21:00.099

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/11/2017 12:20:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:20
Nº Rexistro: 20871
Data envio: 28/11/2017 12:20:48.833
Data 28/11/2017 12:20

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19203,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o coñecemento e a opinión do Goberno galego en relación coas intencións da conserveira Calvo de pechar as súas instalacións en Esteiro e trasladar a Carballo a súa produción, así como as actuación levadas a cabo ou previstas para evitalo"**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -nas sesións plenarias do 7.11.2017 e 22.11.2017- ao darlle resposta ás iniciativas 19546 e 19022 respectivamente, que versan sobre similar tema. Remitímonos ao alí exposto**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9992f045-1666-80a2-4537-27eceb501ce0

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/11/2017 12:20:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:20
Nº Rexistro: 20871
Data envio: 28/11/2017 12:20:48.833

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/11/2017 12:20:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20895
Data envio: 28/11/2017 14:24:42.584
Data 28/11/2017 14:24

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19281,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar os posibles efectos dos incendios forestais na produción marisqueira das rías galegas, a avaliación que fai en relación cos problemas que poden causar nela e as súas previsións referidas á avaliación de xeito especial das posibles consecuencias na ría de Vigo da chegada de restos procedentes dos lumes, así como o mantemento dalgún contacto co sector marisqueiro ao respecto"**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 23.11.2017- pola directora do Intecmar ao darlle resposta á pregunta 19028 sobre similar tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 71404224-1d79-1e75-14b0-5509829bdaa2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/11/2017 14:24:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20895
Data envio: 28/11/2017 14:24:42.584

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/11/2017 14:24:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:48
Nº Rexistro: 20776
Data envio: 27/11/2017 13:48:05.709
Data 27/11/2017 13:47

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19408,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **"as razóns existentes para non publicar dende o ano 2012 a memoria de actividades da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, FUNGA, o procedemento seguido para a cobertura das funcións e responsabilidades do posto vacante de director xerente e a valoración do Goberno galego en relación coa eficacia desa fundación, así como a súa opinión referida á suficiencia da súa dotación de persoal actual e as previsións ao respecto para o ano 2018"**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 15.11.2017- pola directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ao darlle resposta á pregunta 19407 sobre o mesmo tema e formulada pola mesma deputada**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 1e663674-09a0-1890-b0d9-89f6e6c09be0

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/11/2017 13:47:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:48
Nº Rexistro: 20776
Data envio: 27/11/2017 13:48:05.709

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/11/2017 13:47:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:47
Nº Rexistro: 20775
Data envio: 27/11/2017 13:47:54.756
Data 27/11/2017 13:47

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19432,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **"as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da información aos concellos afectados pola couza guatemalteca da pataca en relación co número de trampas colocadas e de capturas rexistradas na loita contra a praga, así como os datos ao respecto"**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 7ª do 24.11.2017- pola dierctora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias ao darlle resposta á pregunta 19430 sobre o mesmo tema e formulada polos mesmos deputados**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d9390e18-fb95-8562-0dd7-d4e730ab6fd1

67322
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/11/2017 13:47:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:47
Nº Rexistro: 20775
Data envio: 27/11/2017 13:47:54.756

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/11/2017 13:47:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:47
Nº Rexistro: 20774
Data envio: 27/11/2017 13:47:37.068
Data 27/11/2017 13:47

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19529,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego referida aos beneficios da lactación materna, as actuacións que está a levar a cabo para impulsala e o seu coñecemento das condicións que presentan as instalacións da área de lactación do Hospital Provincial de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da consignación para o ano 2018 dunha partida orzamentaria específica para a reforma dese hospital"**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Sanidade concorda coa OMS en canto aos beneficios da lactancia materna e proba disto está en que o Hospital do Salnés, pertencente á EOXI de Pontevedra-Salnés, foi o primeiro centro da rede hospitalaria do Sergas en obter a acreditación da IHAN en Fase I. Na actualidade estanse a impulsar unha serie de medidas para poder acadar a acreditación da Fase II da IHAN. Este novo fito en calidade suporá incrementar as taxas de inicio e duración da lactación materna mediante accións de apoio a promoción e a protección da mesma ata estándares do 75%.

O compromiso coa iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e a Lactación (IHAN) promovida pola OMS e Unicef lévanos ao inicio de diferentes actuacións no ámbito de Pontevedra, para poder sumarnos á gran comunidade de Hospitais e Centros de Saúde, nacionais e internacionais, acreditados pola OMS.

Entre as medidas a levar a cabo están a da elaboración dunha política de lactación materna integrada, a constitución dunha Comisión de lactación materna, a elaboración dunha guía de lactación materna dirixida a profesionais, a consolidar o proceso de promoción e protección da lactación materna, a formar a todo o persoal para que coñeza e poida poñer en práctica a

CVE-PREPAR: 86e32021-d206-a171-ea04-31602ef6e557

67324
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/11/2017 13:47:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:47
Nº Rexistro: 20774
Data envio: 27/11/2017 13:47:37.068

normativa, a acatar o Código de Comercialización de Sucedáneos do leite materno, e a incorporarnos ao procedemento do Banco de Leite, entre outras.

No ano 2018, se iniciarán medidas orientadas a garantir a seguridade e á humanización no ámbito materno infantil, e particularmente no ámbito de neonataloxía, tanto no que se refire as súas infraestructuras como a organización da unidade.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 86e32021-d206-a171-ea04-31602ef6e557

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:47
Nº Rexistro: 20774
Data envio: 27/11/2017 13:47:37.068

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/11/2017 13:47:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:20
Nº Rexistro: 20870
Data envio: 28/11/2017 12:20:30.973
Data 28/11/2017 12:20

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19640,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego resolver o problema das flotas do cerco e do xeito diante da escaseza de sardiña"**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 23.11.2017- pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ao darlle resposta á pregunta 19638 sobre memo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 710f0a02-1796-8891-c477-628a8b2e4187

67327
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/11/2017 12:20:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 12:20
Nº Rexistro: 20870
Data envio: 28/11/2017 12:20:30.973

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/11/2017 12:20:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20973
Data envio: 30/11/2017 09:29:24.024
Data 30/11/2017 09:28

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19649,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns das continuas demoras na apertura do Centro de Saúde do Couto, en Ourense, as do retraso no inicio das obras da urbanización do seu contorno e os prazos previstos para o seu remate e posta en funcionamento do centro, así como a súa dotación dunha zona de acceso e de prazas de aparcamento para as persoas con discapacidade"**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"O Centro de Saúde do Couto (Ourense) entrou en funcionamento o 27 de novembro de 2017, unha vez executadas as obras de urbanización do entorno que foron imprescindibles para a concesión da licencia de ocupación**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 2121bce9-0142-bcf1-6f71-751086c89827

67329
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 30/11/2017 09:28:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20973
Data envio: 30/11/2017 09:29:24.024

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2017 9:28:57

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20894
Data envio: 28/11/2017 14:24:30.771
Data 28/11/2017 14:24

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19654,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da declaración da Festa do Polbo do Carballiño de Interese Turístico Internacional, así como as actuacións levadas a cabo e as previstas para ese fin"**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"Que unha festa tente acadar a declaración de interese turístico internacional é sempre, para o Goberno galego, unha moi boa noticia. A Festa do Polbo do Carballiño así o está a intentar de cara a ver recoñecidos os esforzos dos veciños, das asociacións e administracións locais por realizar eventos como este que fortalecen a nosa cultura como país e se converten en importantes reclamos turísticos. De feito asistiron máis de 100.000 persoas á Festa do Polbo do Carballiño este ano, durante a súa 55 edición.

Para afondar no seu férreo compromiso por apoiar e impulsar este recoñecemento internacional, o Goberno galego colaborou e colabora sempre estreitamente co Concello do Carballiño. Así o recoñeceu en reiteradas ocasións a propia administración local.

Desde o primeiro momento, Turismo de Galicia facilitou que esta festa puidese cumprir os requisitos esixidos para acadar esta distintición, que concede a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, a través de Turespaña. Neste sentido, apoiou varias iniciativas coordinadas polo Concello do Carballiño para conseguir a repercusión mediática internacional requirida.

Por unha banda, impulsou a contratación, o pasado mes de agosto, dunha axencia especializada en medios de comunicación estranxeiros para que emisoras de radio de diferentes países incluísen nos seus programas temáticas sobre esta festa. E, por outro

CVE-PREPAR: de314577-f9e9-4ad5-1fb4-fa2e59b28275

67331
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/11/2017 14:24:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20894
Data envio: 28/11/2017 14:24:30.771

lado, Turismo de Galicia tamén axudou na xestión da viaxe de prensa, coordinada polo Concello carballiñés, que se celebrou entre os días 26 e 28 de outubro coa participación de xornalistas de medios de comunicación internacionais de Brasil, Arxentina, Uruguai, Alemaña, Francia, Canadá, Líbano, México ou China.

Todos eles puideron visitar os recursos turísticos da zona, principalmente os relacionados co polbo. Tamén participaron nunha simulación da festa, que incluíu un xantar típico e música tradicional. E para reforzar este apoio institucional, Turismo de Galicia confiou a profesionais deste departamento autonómico, como a directora de Promoción e a responsable de Feiras de Turismo de Galicia, manter charlas e ampliar toda a información precisa sobre a festa aos xornalistas participantes nesta viaxe.

Turismo de Galicia continuará traballando por emprender as accións necesarias para que as festas galegas de interese nacional poidan acadar o recoñecemento internacional. Do mesmo xeito que impulsa no seu conxunto o resto de festividades facendo especial énfase na promoción das preto de 140 de interese turístico, tanto de Galicia, como nacional e internacional, coas que conta a nosa Comunidade. Porque todas elas permiten representar o mellor dos nosos recursos naturais, culturais e gastronómicos que son os principais motivos polos que os viaxeiros escollen visitarnos**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: de314577-f9e9-4ad5-1fb4-fa2e59b28275

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20894
Data envio: 28/11/2017 14:24:30.771

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/11/2017 14:24:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20893
Data envio: 28/11/2017 14:24:19.708
Data 28/11/2017 14:24

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19699,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar o impacto dos incendios forestais no sector turístico, a convocatoria dos representantes do sector e organizacións profesionais para avaliar a incidencia da vaga de lumes, así como as súas intencións respecto do desenvolvemento dalgún tipo de campaña informativo-publicitaria nos lugares de orixe dos turistas do resto de España para paliar os seus efectos"**, (publicada no BOPG número 212 do 16 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"O que se viviu o pasado mes de outubro entre os días 14 e o 16 foi unha situación completamente excepcional. Nin foi normal a actividade incendiaria nin tampouco foi normal a situación meteorolóxica. Certamente, rexistráronse condicións climatolóxicas extremas, e mesmo algunhas inéditas que se converteron no principal aliado dos incendiarios e do lume.

A Xunta de Galicia dende entón traballa para reparar os danos materiais causados por mor da vaga incendiaria provocada no mes de outubro. Como é coñecido, o Consello da Xunta aprobou nas primeiras 24 horas o Decreto marco que dá soporte xurídico ás axudas para a reparación de danos, atender situacións de necesidade e contribuír a restaurar os valores naturais e a reactivar a actividade das zonas que resultaron afectadas.

O Decreto 102/2017, do 19 de outubro, inclúe medidas tamén no eido turístico, que se están a impulsar desde Turismo de Galicia. Neste sentido, estableceuse unha convocatoria de axudas nunha dobre dirección dotada con ata 1 millón de euros.

CVE-PREPAR: 62517008-1519-e517-31e6-7de686d5f3a0

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/11/2017 14:24:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20893
Data envio: 28/11/2017 14:24:19.708

Por unha banda, abriuse unha convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas aos concellos da nosa Comunidade para proceder á reposición da sinalización turística que puidera ter sido afectada polos incendios.

A axuda económica que se conceda ás administracións locais poderá acadar a totalidade do investimento realizado cun importe de ata 20.000 euros por entidade.

Ademais, estableceuse unha convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva para establecementos turísticos afectados polos incendios, co fin de reparar os danos ocasionados. Neste caso, a axuda económica poderá acadar a totalidade do investimento realizado ata un máximo por entidade de 18.000 euros.

A política turística da Xunta de Galicia desenvólvese ao carón do sector, con quen mantén un diálogo fluído e unha intensa colaboración. Esta cooperación reflíctese na Estratexia do turismo de Galicia 2020, o documento presentado este ano que contén os retos, oportunidades e compromisos no eido turístico, e que foi elaborado en consenso co sector, a mellor maneira de acadar os obxectivos fixados nel.

Neste sentido, temos contactos diarios co sector privado, principalmente a través do Clúster de Turismo, que polo de agora non nos transmitiu incidencias especialmente salientables no referido a establecementos turísticos nin inquedanzas específicas polo grao en que puidera ter incidido a vaga de incendios. Do mesmo xeito, tampouco os xeodestinos, os concellos nin o resto das administracións coas que colaboramos expresaron situacións de particular necesidade neste eido.

O pasado 23 de novembro o INE aportou os datos hoteleiros do pasado mes de outubro, e aínda que desde Turismo de Galicia seguiremos atentos, como fíxemos ata agora, á evolución nas próximas semanas para avaliar unha posible influencia directa na conxuntura turística, atopámonos con resultados récord a salientar das enquisas oficiais realizadas. Por dar algunhas cifras:

-O número de VIAXEIROS ALOXADOS en Galicia no mes de outubro foi de

PRETO DE 431.000 (+6,1%).

No conxunto do Estado sube un 2%

CVE-PREPAR: 62517008-1519-e517-31e6-7de686d5f3a0

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

-O número de NOITES DE HOTEL en Galicia no mes de outubro foi de PRETO DE 817.000 (+ 6%).

No conxunto do Estado sube un 1,1%

-A OCUPACIÓN SOBE 2 PUNTOS ATA O 41%

Acumula 4 anos consecutivos de subida

-Con respecto ao MERCADO INTERNACIONAL

+ 13% VIAXEIROS

+ 10% NOITES (230.000)

O seu peso no conxunto da demanda acada o 35,4%

Acumula 6 anos consecutivos de subida

-Con respecto ao MERCADO NACIONAL

+ 4,4% VIAXEIROS

+ 7,7% PERNOITAS (máis de 400.000) Cifra máis elevada desde 2010

Galicia é, tras Aragón, a comunidade que presenta un crecemento de máis intensidade na súa demanda hoteleira durante o mes de outubro.

Con todo, Goberno galego seguirá, coma sempre, xunto ao sector, disposto a implementar as medidas que foran consideradas necesarias, como xa fixemos coa mencionada convocatoria de axudas urxentes.

En relación á última pregunta, cabe indicar que todas as campañas de comunicación que promove a Axencia para fortalecer a Marca Galicia e atraer turistas inciden naqueles aspectos que nos afianzan como unha das comunidades que recibe máis visitantes.

Diversas enquisas de ámbito nacional destacan que O Camiño, a gastronomía, a cultura e a natureza son os aspectos máis valorados polos turistas que nos visitan. Desde esta perspectiva, as nosas campañas mostran os seis parques naturais que existen en Galicia,

CVE-PREPAR: 62517008-1519-e517-31e6-7de686d5f3a0

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20893
Data envío: 28/11/2017 14:24:19.708

así como o vasto patrimonio natural que existe nas catro provincias. Unhas campañas de comunicación que se enuncian nun ton positivo, a fin de que a natureza continúe sendo un dos factores máis influentes na decisión dos máis de catro millóns de persoas que nos visitan cada ano.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 62517008-1519-e517-31e6-7de686d5f3a0

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20893
Data envio: 28/11/2017 14:24:19.708

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/11/2017 14:24:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20892
Data envio: 28/11/2017 14:24:05.005
Data 28/11/2017 14:23

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20079,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Súarez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas estimacións do Consello Internacional para a Explotación do Mar, ICES, referidas á necesidade de paralizar totalmente a captura da sardiña durante o ano 2018 nas augas do Atlántico e do Cantábrico como única medida posible para rexenerar a especie e as consecuencias que tería para a frota galega"**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 23.11.2017- pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ao darlle resposta ás preguntas 16610 e 19638 sobre similar tema**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 87214200-e5e5-9462-7a89-cd3f7dada7b7

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/11/2017 14:23:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20892
Data envio: 28/11/2017 14:24:05.005

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/11/2017 14:23:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 16:59
Nº Rexistro: 20992
Data envio: 30/11/2017 16:59:13.255
Data 30/11/2017 16:58

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20174,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don David Rodríguez Estévez, sobre **"as medidas que está a adoptar o Goberno galego para garantir a ausencia de antibióticos na carne galega"**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"No ano 1989, e ante o uso indiscriminado de determinados produtos para conseguir de forma fraudulenta un maior rendemento cárnico que pode supoñer en moitos casos un grave risco para a saúde das persoas, aprobouse o Plan Nacional de Investigación de Residuos en Animais e Carnes Frescas, (R.D. 1262/89). Desde ese momento, a execución deste Plan pasou a ser competencia das Comunidades Autónomas. Este Plan inclúe, además dos antibióticos, a detección doutras substancias, tanto prohibidas como autorizadas.

A Comunidade Autónoma de Galicia asume desde o primeiro momento (1990) a execución e desenvolvemento do dito Plan e por parte das Consellerías competentes en materia de sanidade, gandería e pesca, e estableceuse un sistema de vixilancia constante coa creación de equipos móbiles de inspectores adicados exclusivamente a este Plan.

O Programa desenvólvese a través dun sistema de vixiancia constante e mediante a toma de mostras dirixidas ao longo de toda a cadea alimentaria, para detectar posibles problemas existentes identificando ao produtor, é dicir, a orixe do problema. Ao mesmo tempo, dentro do programa de mostraxe por sospeita, tratamos de impedir a comercialización de produtos que procedan de animais sospeitosos ou de explotacións con antecedentes de positividade. Nestes casos, a través do sistema de intercambio rápido de información do Plan de Residuos de Galicia, os produtos serán mostreados e intervidos cautelarmente ata a obtención de resultados laboratoriales.

O obxectivo do programa é o de disuadir do emprego de substancias farmacolóxicas que poidan deixar residuos nos alimentos que supoñan un risco para a saúde pública dando cumprimento ao compromiso comunitario reflectido no R.D.1749/98, que se traduce en que a nosa Comunidade

CVE-PREPAR: 2689cc36-26e7-3de4-74f3-0c136e920923

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 30/11/2017 16:58:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 16:59
Nº Rexistro: 20992
Data envio: 30/11/2017 16:59:13.255

Autónoma debe tomar e analizar un número de mostras de acordo coa nosa producción e sacrificio. As mostras son analizadas no laboratorio de Saúde Pública de Galicia, un dos primeiros en conseguir a categoría de laboratorio acreditado para a investigación de residuos, declarado pola Entidade Nacional Acreditadora. (ENAC) en xuño de 1998.

Cando se detecta un caso positivo, procédese inmediatamente á inmovilización da explotación de orixe; así mesmo, tómanse mostras dos animais, pensos, auga etc e realízanse todas as investigacións oportunas. A explotación permanecerá inmobilizada (non poderán saír animais) ata obter resultados analíticos das mostras tomadas. Se estes resultados fosen negativos, permitirase o envío de animais ao matadoiro, pero estes serán de novo mostreados inmovilizados á espera de resultados; se estes fosen negativos, a carne pode ser liberada a consumo. Esta maneira de proceder manterase ao longo dun período de tempo que está en función da substancia detectada. Así mesmo, nestes casos iníciase o correspondente proceso sancionador.

Este programa foise adaptando de acordo aos resultados obtidos, pretendendo en todo momento un deseño adaptado á realidade da nosa Comunidade Autónoma. É o noso obxectivo que, tanto a carne como outros produtos alimenticios producidos en Galicia, sexan recoñecidos no ámbito nacional e internacional, non só polas súas características culinarias, senón tamén pola súa gran calidade sanitaria, conseguindo así un mercado máis amplo para os nosos produtos e sobre todo garantindo a seguridade alimentaria**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 2689cc36-26e7-3de4-74f3-0c136e920923

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 16:59
Nº Rexistro: 20992
Data envio: 30/11/2017 16:59:13.255

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2017 16:58:50



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727